

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

3550 *Real decreto 316/2017, do 31 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes.*

A disposición derradeira sétima da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes (en diante, a lei) autoriza o Goberno a ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación. Na súa virtude elaborouse a presente norma, que dá continuidade e eficacia ás novidades introducidas pola lei.

Mediante este real decreto apróbase o Regulamento para a execución da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, necesario desenvolvemento para alcanzar os obxectivos da dita lei, en particular, ao establecer un sistema de concesión de patentes fortes, xerar seguridade xurídica ao reunir en dúas normas a anterior dispersión normativa na materia, mellorar a claridade normativa, flexibilizar e axilizar os procedementos, adaptar e modernizar aspectos como a representación profesional ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, impulsar a innovación e o apoio ás pequenas e medianas empresas (pemes) e ao emprendemento.

O regulamento, que se aproba mediante este real decreto, consta de cento quince artigos, divididos en once títulos, seis disposicións adicionais e un anexo.

O título I versa integramente sobre as patentes de invención e estrutúrase en cinco capítulos. O capítulo I destínase á solicitude de patente e aos distintos documentos que a conforman, así como a súa redacción e contido. Os capítulos II ao V tratan sobre o desenvolvemento dos diversos procedementos para a tramitación da patente, desde a súa solicitude até a concesión e posterior oposición, dos posibles recursos así como da tramitación da revogación ou limitación e doutros procedementos.

A este respecto, o capítulo II recolle as previsións regulamentarias relativas ao procedemento de concesión e divídese en tres seccións: a sección primeira, sobre admisión a trámite e exame de oficio; a sección segunda, relativa ao informe sobre o estado da técnica e a opinión escrita; e a sección terceira, sobre exame substantivo e resolución do procedemento.

Prosegue o capítulo III co procedemento de oposición de acordo coas previsións da lei, que sitúa o trámite de oposición nun momento posterior á concesión. O capítulo IV ten por obxecto o procedemento de revogación ou limitación. En ambos os casos, trátase dunha regulación innovadora e inédita dentro do procedemento español de concesión de patentes polo que, para a súa redacción, se tivo moi en conta o regulamento de execución do Convenio de Múnic do 5 de outubro de 1973, tal como foi modificado pola Acta de revisión do Convenio sobre a patente europea, feita en Múnic o 29 de novembro de 2000 (en diante, Acta 2000), e a práctica xurdida ao seu abeiro. Finalmente, o capítulo V dedícase á regulación doutros procedementos e divídese en tres seccións: sección primeira, sobre solicitudes divisionais; sección segunda, relativa a cambio de modalidade; e sección terceira, sobre tramitación secreta de patentes que interesan á defensa nacional.

O título II refírese aos certificados complementarios de protección de medicamentos e produtos fitosanitarios e regula por primeira vez o procedemento de tramitación para a súa concesión.

O título III versa sobre os modelos de utilidade e divídese en dous capítulos, referidos, respectivamente, aos diversos trámites do procedemento de concesión e ás cuestións prácticas relativas ao informe preceptivo para o exercicio de accións xudiciais previsto no artigo 148.3 da lei.

O título IV regula aspectos comúns ás modalidades anteriores. En particular, o capítulo I refírese á modificación da solicitude e demais documentos e rectificación de erros; o

capítulo II, ás medidas en materia de prazos; e o capítulo III, á actuación da Oficina Española de Patentes e Marcas como rexistro de patentes e á súa actividade de información ao público.

O título V está estruturado en dous capítulos. Así, o capítulo I abrangue a inscrición de cesións, licenzas e outras modificacións de dereitos. Pola súa parte, o capítulo II, para unha maior coherencia e sistematicidade, regula a inscrición do ofrecemento de licenzas de pleno dereito por parte do titular separando esta materia da relativa a licenzas obrigatorias.

O título VI recolle a regulación da solicitude de licenza obrigatoria, as súas clases e o procedemento para a súa tramitación, adecuando todo isto ás novidades introducidas pola lei.

No título VII, por motivos de sistematicidade, unífanse as cuestións relativas á caducidade e inclúese a instrución dos correspondentes expedientes por falta ou insuficiencia de explotación e por renuncia do titular da patente.

O título VIII traslada a regulación de aspectos necesarios para a aplicación de convenios internacionais contida noutras normas de rango inferior a lei que entraran en vigor con posterioridade á promulgación da Lei 11/1986, do 20 marzo, de patentes, ante a obrigación de facer fronte aos compromisos internacionais. O capítulo I destínase á aplicación do Convenio sobre a concesión de patentes europeas (Múnic, 5 de outubro de 1973), segundo a súa versión tras as modificacións introducidas pola Acta 2000, e o capítulo II ten por obxecto a aplicación do Tratado de cooperación en materia de patentes (Washington, 19 de xuño de 1970), segundo a súa última versión en vigor.

O título IX prevé expresamente o procedemento para a efectividade do previsto nos artigos 11 ao 13 da lei en favor do terceiro que vise recoñecido o seu dereito á solicitude ou rexistro de patente en exercicio de acción reivindicatoria. En particular, preténdese favorecer a seguridade xurídica e entroncar no procedemento de concesión da patente a suspensión do artigo 11.3 da lei, tendo en conta que o axente cuxo dereito fose recoñecido respecto dunha solicitude aínda non concedida pode optar pola subrogación, pola presentación de nova solicitude ou pola denegación da solicitude en trámite.

Recóllense no título X as previsións que desenvolven algúns aspectos da lei en materia de taxas, en particular, a redución do artigo 186.1 da lei e a bonificación de taxas destinada a universidades públicas do número 2 da disposición adicional décima da lei.

Finalmente, o título XI regula a representación ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, en particular, o réxime xurídico dos axentes da propiedade industrial. Neste sentido, establécense os requisitos de acceso á profesión e as súas relacións coa Oficina Española de Patentes e Marcas.

Respecto das disposicións adicionais, a disposición adicional primeira declara que, en virtude da especialidade dos procedementos en materia de propiedade industrial, os procedementos regulados na lei quedan excluídos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, salvo no non previsto na súa normativa específica. Esta especialidade débese, por un lado, á propia natureza dos dereitos obxecto de protección e, por outro, ás obrigacións asumidas por España a través de diferentes tratados internacionais, como, por exemplo, o Tratado sobre o dereito de patentes do 1 de xuño de 2000 (feito en Xenebra o 1 de xuño de 2000).

A disposición adicional segunda habilita a Oficina Española de Patentes e Marcas para establecer modelos oficiais para toda solicitude ou documentación que vaia dirixida a ela e para establecer os requirimentos formais e técnicos para a presentación electrónica. A este respecto, esta disposición obriga os axentes da propiedade industrial a relacionarse coa Oficina Española de Patentes e Marcas por medios electrónicos. Por último, para efectos puramente aclaratorios, indícase que o lugar de presentación de calquera documento, non só o da solicitude de patente, serán os lugares ou medios previstos no artigo 22 da lei.

A disposición adicional terceira prevé que a Oficina Española de Patentes e Marcas poña en coñecemento do público unha listaxe coas bibliotecas dixitais por elas aceptadas, para os efectos oportunos previstos no regulamento.

A disposición adicional cuarta contén unha habilitación en favor da Oficina Española de Patentes e Marcas para a emisión de certificacións e copias autorizadas en formato electrónico, así como para a posta á disposición das ditas copias autorizadas en bibliotecas dixitais, e recolle basicamente o disposto para signos distintivos e para deseños industriais.

A disposición adicional quinta aclara o contido e o prazo en que debe emitirse o informe pericial da Oficina Española de Patentes e Marcas en virtude do artigo 120.7 da lei. Ademais, especificase que, se o informe se solicita por instancia de parte, se concederá un prazo de emenda para aboar a taxa correspondente, no caso de que non se realizase o pagamento.

A continuación, pola disposición adicional sexta, en desenvolvemento do disposto no artigo 136 da lei, régulanse certos aspectos relativos á resolución extraxudicial de controversias e habilitase a Oficina Española de Patentes e Marcas para a subscripción de acordos na materia con organismos nacionais, europeos e internacionais.

Finalmente, inclúese un anexo ao regulamento que versa sobre os requisitos formais da solicitude de patente.

Este real decreto e o regulamento executivo que aproba dítanse ao abeiro da competencia estatal exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade industrial, prevista no artigo 149.1.9ª da Constitución.

Na tramitación deste real decreto deuse audiencia aos sectores interesados e, por outra parte, emitiron informe a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de marzo de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento de execución da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes.

Apróbase o Regulamento para a execución da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

1. Quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto no regulamento que se aproba mediante este real decreto.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

a) O Regulamento para a execución da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, aprobado polo Real decreto 2245/1986, do 10 de outubro.

b) O Real decreto 2424/1986, do 10 de outubro, relativo á aplicación do Convenio sobre a concesión de patentes europeas.

c) O regulamento dos procedementos relativos á concesión, mantemento e modificación dos dereitos de propiedade industrial, aprobado polo Real decreto 441/1994, do 11 de marzo.

d) O Real decreto 1123/1995, do 3 de xullo, para a aplicación do Tratado de cooperación en materia de patentes (feito en Washington o 19 xuño 1970).

e) O Real decreto 812/2000, do 19 de maio, polo que se establece a aplicación do procedemento de concesión con exame previo para as solicitudes de patente do sector da alimentación.

f) O Real decreto 996/2001, do 10 de setembro, polo que se establece a aplicación con carácter xeral do procedemento de concesión de patentes nacionais con exame previo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1270/1997, do 24 de xullo, polo que se regula a Oficina Española de Patentes e Marcas.*

Modifícase o artigo 3 do Real decreto 1270/1997, do 24 de xullo, polo que se regula a Oficina Española de Patentes e Marcas, incluíndo o seguinte novo punto:

«6 bis. Desempeñar, como institución mediadora e arbitral, de acordo co previsto na Lei 5/2002, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, e na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, as funcións de resolución de conflitos relativos á adquisición, utilización, contratación e defensa dos dereitos de propiedade industrial naquelas materias non excluídas da libre disposición das partes conforme dereito.

Por orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de proposta da Oficina Española de Patentes e Marcas, desenvolverase o funcionamento da oficina como institución mediadora e arbitral.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do regulamento de execución da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, aprobado polo Real decreto 1937/2004, do 27 de setembro.*

O regulamento de execución da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, aprobado polo Real decreto 1937/2004, do 27 de setembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 5 do artigo 6 do regulamento, que pasa a ter a seguinte redacción:

«5. No mesmo momento da recepción, a solicitude será dixitalizada e o órgano competente expedirá ao solicitante un recibo acreditativo da presentación en que se fará constar o número de expediente, a representación, descrición ou outra identificación do deseño, a natureza e o número dos documentos presentados e o lugar, día, hora e minuto da súa recepción. En caso de solicitudes múltiples, o recibo identificará, como mínimo, o primeiro deseño, e indicará o número dos presentados. Unha vez verificada a concordancia entre a copia dixitalizada e os documentos orixinais, estes serán devoltos ao interesado.»

Dous. Engádesse un número 3 ao artigo 7 do regulamento, que queda redactado como segue:

«3. Non será necesaria a presentación da copia da solicitude anterior nin a tradución cando a reivindicación de prioridade non se considere relevante para determinar a validez do deseño rexistrado ou a solicitude anterior ou a súa tradución consten xa en poder da Oficina Española de Patentes e Marcas ou estean dispoñibles nunha biblioteca dixital.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 27 do regulamento, cuxa nova redacción é a seguinte:

«1. Unha vez finalizado o prazo para presentar oposicións, darase traslado dos escritos de oposición e dos documentos e probas presentados ao titular do deseño rexistrado para que presente as súas alegacións no prazo de dous meses e, cando proceda, modifique o deseño nos casos e baixo as condicións previstas no artigo 35.2 da Lei 20/2003, do 7 de xullo.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade industrial, prevista no artigo 149.1.9.^a da Constitución.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación de formalidades previstas no anexo do regulamento.*

1. Por orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital poderanse modificar os documentos e os requisitos formais especificados no anexo do Regulamento para a execución da Lei de patentes.

2. O director da Oficina Española de Patentes e Marcas, mediante resolución, poderá adoptar directrices para a tramitación uniforme dos expedientes regulados no regulamento que se aproba mediante este real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento dos artigos 154.2 e 169.2 da Lei de patentes.*

1. Por orde do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, no prazo de doce meses contado desde a data de entrada en vigor do presente real decreto, determinaranse os requisitos e as condicións en que outros habilitados, distintos dos expresamente facultados polos artigos 154.2 e 169.2 da Lei de patentes, poderán realizar as traducións de patentes europeas e solicitudes internacionais de patentes a que se refiren tales artigos.

2. Transcorrido ese prazo de doce meses sen se ter ditado a orde correspondente, quedarán habilitados para realizar as traducións a que se refiren os artigos 154.2 e 169.2 da Lei de patentes os profesionais cuxa titulación habilite para a realización de traducións na lingua estranxeira para a cal se requira a tradución, así como os que dispoñan dun grao que fose impartido integramente na lingua para a cal se requira a tradución.

3. En todo caso, deberán quedar garantidas a autenticidade e a fidelidade das traducións mencionadas nesta disposición.

Disposición derradeira sexta. *Cláusula de salvagarda.*

As medidas incluídas no regulamento aprobado mediante este real decreto serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias do organismo e non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal ao servizo do sector público.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de abril do 2017.

Dado en Madrid o 31 de marzo do 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

REGULAMENTO DE EXECUCIÓN DA LEI 24/2015, DO 24 DE XULLO, DE PATENTES

Título I. Patentes de invención.

Capítulo I. Solicitude de patente.

Capítulo II. Procedemento de concesión.

Capítulo III. Procedemento de oposición.

Capítulo IV. Procedemento de revogación ou limitación.

Capítulo V. Outros procedementos.

Título II. Certificados complementarios de protección.

Título III. Modelos de utilidade.

Capítulo I. Procedemento de concesión.

Capítulo II. Exercicio de accións.

Título IV. Disposicións xerais en materia de procedemento.

Capítulo I. Modificación e rectificación de erros.

Capítulo II. Medidas en materia de prazos.

Capítulo III. Do Rexistro de Patentes e información ao público.

Título V. Inscripción de cesións, licenzas e outras modificacións de dereitos.

Capítulo I. Inscripción de cesións, licenzas e outras modificacións de dereitos.

Capítulo II. Inscripción dos ofrecementos de licenzas de pleno dereito.

Título VI. Licenzas obrigatorias.

Título VII. Caducidade de patentes.

Título VIII. Aplicación de convenios internacionais.

Capítulo I. Aplicación do Convenio sobre a concesión de patentes europeas.

Capítulo II. Aplicación do Tratado de cooperación en materia de patentes (PCT).

Título IX. Reivindicación da patente.

Título X. Das taxas.

Título XI. Representación ante a Oficina Española de Patentes e Marcas.

Disposicións adicionais primeira a sexta.

Anexo.

TÍTULO I

Patentes de invención

CAPÍTULO I

Solicitud de patente

Artigo 1. *Solicitud de patente.*

Para a obtención dunha patente de invención deberá formularse a solicitud a que se refire o artigo 23 e seguintes da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes (en diante, a lei), con suxeición ao que se determina nos artigos seguintes.

Artigo 2. *Requisitos da instancia da solicitud de patente.*

1. A instancia pola cal se solicita a patente, que se formalizará nun modelo oficial, deberase dirixir ao director da Oficina Española de Patentes e Marcas e conter os seguintes datos:

- a) Indicación de que se solicita unha patente de invención.
- b) A identidade do solicitante. Se hai varios solicitantes, farase constar a identidade de cada un deles. Cando o solicitante sexa unha persoa física, identificarase co seu nome e apelido ou apelidos, documento de identidade, domicilio e nacionalidade; e, cando sexa unha persoa xurídica, identificarase pola súa denominación social completa ou de acordo coas disposicións legais polas que se rexa, o seu NIF, domicilio e nacionalidade.

No suposto de que haxa varios solicitantes, especificarase o enderezo ou medio de comunicación dun deles para efectos de notificacións; de non se facer así, as notificacións dirixiranse ao solicitante mencionado en primeiro lugar na solicitud.

- c) Sen prexuízo do disposto no artigo 175.2 da lei, no suposto de que o solicitante actúe por si mesmo e non teña domicilio nin sede ou establecemento comercial serio e efectivo en territorio do Estado español, deberá designar, para efectos de notificacións, un

endereço postal en España ou indicar que as notificacións lle sexan dirixidas por calquera outro medio técnico de comunicación admitido pola Oficina Española de Patentes e Marcas.

d) Título da invención, en que, sen denominacións de fantasía e da maneira máis clara e concisa posible, apareza a designación técnica da invención, que deberá ser congruente coas reivindicacións.

e) A designación do inventor ou inventores, con indicación do seu nome e apelido ou apelidos; no suposto de que o solicitante non sexa o inventor ou o único inventor, indicarase como adquiriu o dereito á patente en relación con cada un dos inventores.

f) Relación de documentos que se acheguen coa solicitude.

g) A sinatura do solicitante ou do seu representante.

2. De ser o caso, a instancia deberá ser completada cos seguintes datos:

a) Cando o solicitante actúe por medio dun representante, indicarase a súa identidade, de conformidade coa alínea b) anterior. No suposto de que o representante sexa un axente da propiedade industrial a que se refire o artigo 176 da lei, só se indicarán o nome e os apelidos do axente, persoa física, ou a denominación social da persoa xurídica a través da cal realice a súa actividade o axente da propiedade industrial, mencionando o código de axente outorgado pola Oficina Española de Patentes e Marcas.

b) No caso de que se solicite unha patente divisional, un cambio de modalidade, unha transformación dunha solicitude de patente europea ou unha entrada en fase nacional dunha solicitude internacional PCT, indicaranse o número e a data da solicitude de orixe. Igualmente, indicarase que o solicitante ten dereito a presentar a dita solicitude.

c) Cando a solicitude se remita a unha solicitude presentada con anterioridade segundo o disposto nos puntos 1.c) e 2 do artigo 24 da lei, deberá indicarse o número da citada solicitude anterior, a data de presentación e a oficina na cal ou para a cal se presentase. Igualmente, indicarase que o solicitante ten dereito a presentar tal solicitude.

d) No caso de que o inventor ou inventores renuncien ao seu dereito a ser mencionados como tales, indicarase na instancia ou, se o inventor ou inventores non coinciden co solicitante, achegarase unha declaración de renuncia asinada por eles.

e) No suposto de que se reivindique unha ou varias prioridades estranxeiras ou nacionais, a instancia deberá conter o número de cada unha das solicitudes anteriores sobre as cales se basea a prioridade, así como o Estado e a data de prioridade reivindicada. Igualmente, farase constar que o solicitante ten dereito a reivindicar a prioridade indicada.

f) Se a invención foi exhibida en exposicións oficiais ou oficialmente recoñecidas no sentido do artigo 7.b) da lei, a instancia deberá conter a indicación do nome da exposición, así como o lugar e a data de exhibición.

g) Cando a invención se refira a unha materia biolóxica non accesible ao público, ou á súa utilización, e non poida ser descrita na solicitude de patente, e esta fose depositada nunha institución recoñecida legalmente para iso, deberá indicarse a institución de depósito, o país, a data de depósito e o número de depósito outorgado pola institución de depósito.

h) Cando a invención se refira a materia biolóxica, indicarase a súa orixe xeográfica ou a fonte de procedencia da dita materia, se estes datos son coñecidos.

Cando a invención se refira a un recurso xenético ou a un coñecemento tradicional asociado ao dito recurso cuberto polo Regulamento (UE) n.º 511/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do Protocolo de Nagoia sobre o acceso aos recursos xenéticos e participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización na Unión, indicarase se se utilizou un recurso xenético ou un coñecemento tradicional asociado a tal recurso. En caso afirmativo, cando proceda, farase constar o número de rexistro que xustifique a presentación da declaración de dilixencia debida, de conformidade co artigo 14. 3 do Real decreto 124/2017, do 24 de febreiro, relativo ao acceso aos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres e ao control da utilización.

En calquera caso, estas informacións non prexulgarán a validez da patente, tal como dispón o artigo 23.2 da lei.

i) Cando a solicitude conteña listas de secuencias de aminoácidos e ácidos nucleicos, indicárase esta circunstancia.

j) Se se solicita a redución de taxas prevista no artigo 186 da lei, deberá mencionarse este aspecto.

k) Se o solicitante é universidade pública, deberá mencionarse este aspecto.

Artigo 3. *Contido da descrición.*

1. A descrición estará redactada na forma máis concisa e clara posible, sen repeticións inútiles e en congruencia coas reivindicacións.

2. Nela indicáranse os seguintes datos:

a) A indicación do sector da técnica a que se refira a invención.

b) A indicación do estado da técnica anterior á data de prioridade, coñecido polo solicitante e que poida ser útil para a comprensión da invención e para a elaboración do informe sobre o estado da técnica e para o exame, citando, na medida do posible, os documentos que sirvan para reflectir o estado da técnica anterior.

c) Unha explicación da invención, tal como é caracterizada nas reivindicacións, que permita a comprensión do problema técnico suscitado, aínda que non se designe expresamente deste modo, así como a solución a este. Deberanse indicar, de ser o caso, as vantaxes da invención en relación co estado da técnica anterior.

d) Unha breve descrición do contido dos debuxos, de os haber.

e) Unha exposición detallada de, ao menos, un modo de realización da invención, que poderá ilustrarse con exemplos e referencias, de ser o caso, aos debuxos, de os haber.

f) A indicación da maneira en que a invención é susceptible de aplicación industrial, a non ser que iso resulte dunha maneira evidente da descrición ou da natureza da invención. No suposto de que a invención consista nunha secuencia total ou parcial dun xene ou dunha secuencia de ácido nucleico, tal como dispoñen o parágrafo terceiro do artigo 5.5 e o artigo 5.6 da lei, respectivamente, a aplicación industrial deberá figurar explicitamente.

3. A descrición deberá ser presentada da maneira e na orde indicadas no número 2 deste artigo, a menos que, por causa debida á natureza da invención, unha maneira ou unha orde diferente permitan unha mellor comprensión e unha presentación máis concisa.

Artigo 4. *Requisitos da descrición nas invencións referidas a materia biolóxica.*

1. Cando a invención se refira a unha materia biolóxica, o solicitante deberá indicar, na descrición, cal é o nome da institución autorizada onde depositase unha mostra da materia biolóxica e consignar o número ou clave de identificación da dita materia biolóxica por parte da institución autorizada.

2. Se a materia biolóxica depositada deixa de estar dispoñible na autoridade de depósito recoñecida, considerarase que non se interrompeu a accesibilidade coa condición de que se realizase un novo depósito nas mesmas condicións que as previstas no Tratado de Budapest sobre recoñecemento internacional de depósito de microorganismos para os fins do procedemento en materia de patentes (feito en Budapest, o 28 de abril de 1977) e de que, nun prazo de catro meses a partir da data do novo depósito, se comunicase á Oficina Española de Patentes e Marcas unha copia do recibo dese novo depósito expedido pola autoridade de depósito, xunto coa indicación do número de solicitude de patente ou da patente.

3. A comunicación desta información implica o consentimento irrevogable do solicitante de que a materia biolóxica sexa accesible ao público, de acordo co artigo 56 da lei.

Artigo 5. *Condicións para o acceso público á materia biolóxica.*

1. O acceso á materia biolóxica depositada realizarase, nos prazos previstos no artigo 56 da lei, mediante o envío dunha mostra da materia biolóxica solicitada, sempre e cando a persoa que solicite o acceso á materia biolóxica se comprometa ante o solicitante ou titular da patente:

a) A non comunicar nin entregar a terceiros a materia biolóxica obxecto da patente ou un cultivo derivado dela, antes que a solicitude de patente fose denegada ou retirada, ou sexa considerada retirada ou que a patente caducase.

b) A non utilizar a materia biolóxica obxecto da patente ou un cultivo derivado dela, máis que con fins experimentais, até a data en que a solicitude de patente sexa rexeitada ou retirada, ou considerada retirada, ou até a data da publicación da mención da concesión da patente.

2. Cando, por calquera razón, a institución autorizada non poida remitir mostras da materia biolóxica depositada, será de aplicación o disposto no Tratado de Budapest sobre recoñecemento internacional de depósito de microorganismos para os fins do procedemento en materia de patentes e o seu regulamento de execución (feito en Budapest o 28 de abril de 1977).

3. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo da aplicación dos artigos 6 e 7 do Real decreto 124/2017, do 24 de febreiro, relativo ao acceso aos recursos xenéticos procedentes de taxons silvestres e ao control da utilización, cando se trate de material regulado polos artigos 71, 72, 74, 80 e 81 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Artigo 6. *Figura do experto independente.*

1. O solicitante poderá realizar unha petición á Oficina Española de Patentes e Marcas até a finalización dos preparativos técnicos para a publicación da solicitude de patente, para que o acceso á materia biolóxica depositada a que se refire o artigo 56 da lei se leve a cabo unicamente a través da subministración da mostra a un experto independente. Este acceso levarase a cabo nos seguintes prazos:

a) Até a publicación da mención da concesión da patente ou, cando sexa aplicable.
b) Durante vinte anos desde a data de presentación, se a solicitude se denega ou se retira, ou se considera retirada.

2. Poderá ser nomeado como experto independente, para os fins do previsto no artigo 56 da lei:

a) Calquera persoa física, sempre que o petionario demostre no momento de facer a petición que ese nomeamento ten a aprobación do solicitante da patente.

b) Calquera persoa física que teña o recoñecemento de experto independente do director da Oficina Española de Patentes e Marcas.

O nomeamento deberá ir acompañado dunha declaración do experto independente pola cal se compromete ante o solicitante a respectar o establecido no artigo 56 da lei, ben até que caduque a patente ou ben até a data indicada na alínea b) do número 1 do presente artigo se a solicitude se denega ou se retira, ou se considera retirada. Neste sentido, o petionario da mostra deberá ser considerado como un terceiro e aplicarase o disposto no artigo 56.2 da lei.

3. A petición a que se refire o número 1 presentárase ante a Oficina Española de Patentes e Marcas. Comprobarase que se presentou unha solicitude de patente que se refire a unha materia biolóxica depositada e que o petionario ou o experto independente nomeado polo solicitante están autorizados a recibir unha mostra do dito material.

Artigo 7. *Contido e forma das reivindicacións.*

1. As reivindicacións definirán o obxecto para o cal se solicita a protección en termos de características técnicas da invención. Cando sexa apropiado, as reivindicacións deberán conter:

a) Un preámbulo en que se mencionen o obxecto da invención e as características técnicas necesarias para a definición dos elementos reivindicados pero que, combinadas entre elas, forman parte do estado da técnica.

b) Unha parte caracterizadora que, comezando cunha expresión do tipo «caracterizado por», expoña as características técnicas que, en combinación coas mencionadas na alínea a), se desexan protexer.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 26 da lei, unha mesma solicitude pode comprender máis dunha reivindicación independente dunha mesma categoría (produto, procedemento, dispositivo ou utilización), sempre que o obxecto da solicitude consista:

- a) Nunha pluralidade de produtos interrelacionados.
- b) En diferentes utilizacións dun produto ou dispositivo.
- c) En solucións alternativas a un problema particular, cando non sexa adecuado incluír estas alternativas nunha mesma reivindicación.

3. Calquera reivindicación independente deberá incluír as características esenciais da invención e poderá ir seguida dunha ou varias reivindicacións dependentes relativas a realizacións particulares da dita invención.

4. Calquera reivindicación dependente, é dicir, que inclúa todas as características contidas en calquera outra reivindicación, deberá conter, preferiblemente ao comezo, unha referencia á reivindicación da cal depende e, a continuación, as características adicionais que se desexan protexer. Será tamén admisible unha reivindicación dependente referida a unha ou máis reivindicacións dependentes. Todas as reivindicacións dependentes referidas a unha reivindicación anterior única e todas as reivindicacións dependentes que se refiran a varias reivindicacións anteriores deberán agruparse na medida e forma máis apropiada posible.

5. O número de reivindicacións deberá ser adecuado e razoable atendendo á natureza da invención cuxa protección se solicita.

6. As reivindicacións non realizarán remisións á descrición ou aos debuxos para definir as características técnicas da invención, salvo que sexa absolutamente necesario. En particular, non deberán conter expresións do tipo «tal como se describe na parte... da descrición» ou «tal como se ilustra na figura... dos debuxos».

7. Cando a solicitude de patente conteña debuxos que inclúan signos de referencia, as características técnicas reivindicadas deberán, preferiblemente, vir seguidas de tales signos de referencia que as identifiquen sempre que con iso se contribúa á comprensión da reivindicación. Tales signos representaranse entre parénteses e non se considerará que limitan as reivindicacións.

Artigo 8. *Presentación de debuxos.*

1. Os debuxos deberán realizarse cos requisitos que se especifican no anexo deste regulamento.

2. Os esquemas de etapas dun proceso e os diagramas considéranse como debuxos.

Artigo 9. *Resumo da invención.*

1. O resumo a que se refire o artigo 29 da lei terá unha extensión máxima de cento cincuenta palabras, deberá indicar o título da invención e conter unha exposición concisa do contido da descrición, reivindicacións e, de ser o caso, debuxo máis característico, que se deberá situar separadamente do texto do resumo. Así mesmo, poderase indicar a fórmula química que, entre as que figuran na solicitude de patente, caracterice mellor a

invención. O resumo deberá permitir unha fácil comprensión do problema técnico proposto, a solución achegada e o uso ou usos principais da invención.

2. Tanto o título coma o resumo da invención poderán ser modificados pola Oficina Española de Patentes e Marcas cando o considere necesario para a mellor información dos terceiros. Desta modificación darase traslado ao solicitante na opinión escrita.

Artigo 10. *Normas xerais relativas á presentación dos documentos da solicitude.*

Os requisitos formais para a presentación da solicitude e documentos que a acompañan recóllense no anexo ao presente regulamento.

Artigo 11. *Elementos prohibidos.*

A solicitude de patente non poderá conter:

- a) Elementos contrarios á orde pública e aos bos costumes.
- b) Declaracións denigratorias relativas a produtos ou procedementos de terceiros ou ao mérito ou validez das solicitudes de patentes ou patentes de terceiros. As simples comparacións co estado da técnica non serán consideradas en si mesmas como denigrantes.
- c) Elementos manifestamente estraños á solicitude ou superfluos.

Artigo 12. *Designación do inventor.*

1. A designación do inventor ou inventores contida na solicitude de patente incluírase nas publicacións da solicitude de patente e da concesión, así como nos folletos a que se refiren respectivamente os artigos 31 e 35.3 do presente regulamento.

2. Se o inventor ou inventores renuncian a ser mencionados como tales, a declaración asinada a que se refire o artigo 2.2.d) do presente regulamento deberá ser achegada antes de que conclúan os preparativos técnicos para a publicación da solicitude de patente.

Artigo 13. *Prioridade da solicitude de patente.*

1. A declaración pola cal se reivindique unha prioridade nacional ou estranxeira prevista no artigo 31 da lei indicará, tal como se establece no artigo 2.2.e) do presente regulamento, a data da solicitude anterior, o Estado no cal ou para o cal foi efectuada, así como o número que lle foi atribuído. A reivindicación de prioridade implicará o pagamento da taxa correspondente.

2. Cando a reivindicación de prioridade se considere relevante para determinar a patentabilidade da invención, a Oficina Española de Patentes e Marcas poderá exixir ao solicitante que presente, no prazo de dous meses desde a comunicación ou dezaseis meses desde a data de prioridade máis antiga reivindicada, aplicándose o prazo que finalice máis tarde, unha copia certificada da solicitude anterior emitida pola oficina de orixe, salvo que tal documento conste nos arquivos da Oficina Española de Patentes e Marcas ou cando estea dispoñible desde unha biblioteca dixital aceptada pola Oficina Española de Patentes e Marcas. Se a solicitude anterior non está redactada en español, o solicitante achegará igualmente unha tradución para o español do dito documento dentro do mesmo prazo. Se non se achega a copia certificada e, de ser o caso, a tradución para o español no prazo prescrito, o dereito de prioridade non se considerará validamente reivindicado.

Artigo 14. *Corrección ou adición dunha reivindicación de prioridade.*

1. Un solicitante poderá pedir a corrección ou adición da reivindicación de prioridade respecto dunha solicitude de patente presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas. A petición de corrección ou adición deberá ir asinada e presentarse dentro do prazo que finalice máis tarde de entre os seguintes:

a) No prazo de dezaseis meses a partir da data de prioridade máis antiga ou, cando a corrección ou adición supoña un cambio na data de prioridade máis antiga, no prazo de dezaseis meses a partir da data de prioridade máis antiga modificada; aplicarase o prazo de dezaseis meses que finalice antes.

b) No prazo de catro meses desde a data de presentación da solicitude de patente.

2. Se unha petición de corrección ou adición se recibe na Oficina Española de Patentes e Marcas despois de que o solicitante pedise unha publicación anticipada en virtude do artigo 37.2 da lei, considerarase como non presentada a petición de corrección ou adición, salvo que a petición de publicación anticipada se retirase antes de que finalizasen os preparativos técnicos para a publicación da solicitude de patente.

3. No caso de que se solicite unha patente divisional, un cambio de modalidade, unha transformación dunha solicitude de patente europea ou unha entrada en fase nacional dunha solicitude internacional PCT, o prazo para pedir a corrección ou adición da reivindicación de prioridade será de catro meses desde a data de depósito da solicitude de que se trate ou de dezaseis meses da data de prioridade; aplicarase o prazo que finalice máis tarde.

4. Os prazos previstos nos parágrafos precedentes non serán susceptibles de prórroga nin de petición de restablecemento de dereitos.

5. Antes de que a Oficina Española de Patentes e Marcas denegue unha adición ou unha corrección dunha reivindicación de prioridade, concederá ao petionario un prazo de dez días contado desde a publicación da intención de denegar no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» para que formule observacións.

Artigo 15. *Exhibición en exposicións oficiais ou oficialmente recoñecidas.*

1. No caso previsto no parágrafo segundo do artigo 7.b) da lei e no artigo 2.2.f) do presente regulamento, o solicitante deberá achegar unha certificación, expedida pola persoa que se designe como autoridade encargada de asegurar a protección da propiedade industrial na dita exposición, que acredite que a invención foi realmente exhibida nela durante o período da súa realización. Esta certificación deberá tamén mencionar a data de apertura da exposición e, de ser o caso, a da primeira divulgación da invención se estas dúas datas non son coincidentes. Coa certificación deberanse achegar os documentos que permitan identificar a invención, debidamente autenticada pola autoridade mencionada.

2. O prazo para presentar esta certificación, así como a documentación adxunta, será de catro meses contado desde a data de presentación da solicitude ou até a finalización do prazo previsto no artigo 24 do presente regulamento; aplicarase o prazo que finalice máis tarde.

CAPÍTULO II

Procedemento de concesión

Sección 1.^a Admisión a trámite e exame de oficio

Artigo 16. *Recepción da solicitude e remisión á Oficina Española de Patentes e Marcas.*

1. O órgano competente para recibir a solicitude conforme o disposto no artigo 22 da lei fará constar o número de rexistro, así como o día, a hora e o minuto de depósito tanto no lugar destinado para iso na instancia da solicitude como na documentación que a acompañe, de ser o caso.

2. No momento do depósito, o órgano competente expedirá ao depositante un recibo acreditativo da presentación da solicitude, en que se fará constar o número de rexistro e o lugar, o día, a hora e o minuto do depósito. Se a solicitude fose acompañada dunha copia,

o recibo consistirá na entrega da dita copia, na cal se fará constar o número de rexistro e o lugar, o día, a hora e o minuto do depósito.

3. Cando a solicitude de patente se presentase ante o órgano competente dunha comunidade autónoma, este remitirá a solicitude, xunto con toda a documentación achegada, á Oficina Española de Patentes e Marcas no prazo prescrito no artigo 32.2 da lei.

4. Unha vez recibida a solicitude pola Oficina Española de Patentes e Marcas, asignaráselle número de solicitude de patente, que se lle notificará ao solicitante.

Artigo 17. *Requisitos para obter data de presentación.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 24 da lei e no artigo 18 do presente regulamento, para obter unha data de presentación da solicitude de patente será indispensable presentar os seguintes documentos:

- a) Unha indicación expresa ou implícita de que se solicita unha patente.
- b) Indicacións que permitan identificar ou contactar co solicitante e
- c) Unha parte que, a primeira vista, pareza constituír unha descrición, aínda que non cumpra cos requisitos formais establecidos na lei ou no regulamento, ou unha incorporación por referencia, é dicir, unha remisión a unha solicitude presentada con anterioridade.

2. Para os efectos de obter data de presentación, as indicacións das alíneas a) e b) do número anterior deberán presentarse en español. Porén, a descrición poderá redactarse en calquera idioma e deberá presentarse unha tradución ao español no prazo de dous meses desde a data do depósito da solicitude de patente ou até a finalización do prazo previsto no artigo 24 do presente regulamento; aplicarase o prazo que finalice máis tarde.

3. Para os efectos de obter data de presentación, unha remisión a unha solicitude presentada con anterioridade substituirá a descrición e, de ser o caso, calquera debuxo. Para realizar esta remisión, o solicitante, no momento de presentar a solicitude da patente, deberá efectuar unha petición de incorporación por referencia a unha solicitude anterior, na cal deberá indicar en español:

- a) Que a remisión á solicitude anterior substitúe a descrición e, de ser o caso, os debuxos.
- b) O número da solicitude anterior, a súa data de presentación e a oficina na cal ou para a cal fose presentada.
- c) Que a solicitude anterior foi presentada polo propio solicitante, polo seu antecesor en dereito ou polo seu habente dereito.

4. Se a solicitude de patente se remite a unha solicitude anterior segundo o previsto no número precedente, o solicitante deberá achegar, no prazo de dous meses desde a data do depósito da solicitude, unha copia certificada da solicitude anterior e, de ser o caso, unha tradución para o español. Non será necesario achegar a copia certificada da solicitude anterior ou a tradución para o español se esa copia ou tradución constan nos arquivos da Oficina Española de Patentes e Marcas ou están dispoñibles nunha biblioteca dixital aceptada pola Oficina Española de Patentes e Marcas.

Artigo 18. *Outorgamento da data de presentación e admisión a trámite.*

1. Dentro dos dez días seguintes ao da recepción da solicitude da patente na Oficina Española de Patentes e Marcas, esta examinará se reúne os requisitos necesarios para obter data de presentación, segundo o disposto no artigo 24 da lei e no artigo 17 do presente regulamento.

2. Se ao examinar os requisitos necesarios para obter unha data de presentación se advirten defectos, comunicaráselle ao solicitante para que os emende e formule alegacións no prazo de dous meses contado desde a súa notificación, con indicación de

que, se así non o fai, non se admitirá a trámite e resolverase tendo por desistida a solicitude da patente.

3. Se os defectos son corrixidos en prazo, outorgarase como data de presentación a que corresponda ao día en que se cumprisen todos os requisitos e así se lle comunicará ao solicitante. Se os defectos non se corrixen na debida forma e no prazo prescrito, a solicitude non será admitida como solicitude da patente e terase por desistida. A resolución de desistencia notificaráselle ao solicitante con indicación dos motivos e publicaráse no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

4. Unha vez outorgada data de presentación, examínase se foron aboadas as taxas de solicitude e por realización do informe sobre o estado da técnica. Se se comproba a falta de pagamento das taxas ou o pagamento insuficiente, comunicaráse ao solicitante para que realice ou complete o pagamento no prazo dun mes contado desde a publicación do defecto no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», con indicación de que, se así non o fai, se terá por desistida a solicitude. A resolución de desistencia notificaráselle ao solicitante e publicaráse no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 19. *Incorporación por referencia a unha solicitude anterior.*

1. No suposto de que o solicitante pedise a incorporación por referencia en virtude do disposto nos artigos 24.1.c) da lei e 17.3 do presente regulamento, pero non achegase a copia certificada da solicitude anterior segundo o disposto no número 4 do citado artigo 17, e este documento non estea á disposición da Oficina Española de Patentes e Marcas, esta circunstancia notificaráselle ao solicitante para que presente esa documentación no prazo de dous meses contado desde a súa notificación, con indicación de que, se así non o fai, non será admitida a trámite e resolverase tendo por desistida a solicitude de patente.

2. Se os defectos son corrixidos en prazo, manterase como data de presentación aquela en que se cumprisen todos os requisitos do artigo 17.1 do presente regulamento e así se comunicará ao solicitante. Se os defectos non se corrixen na debida forma e no prazo prescrito, a solicitude non se admitirá como solicitude de patente e terase por desistida. A resolución de desistencia será notificada ao solicitante e publicada no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 20. *Partes omitidas da descrición ou debuxos omitidos.*

1. No caso de que, ao examinar se a solicitude de patente reúne os requisitos necesarios para obter unha data de presentación, a Oficina Española de Patentes e Marcas detecta que parece faltar unha parte da descrición ou parecen faltar debuxos aos cales fai referencia a descrición, este defecto comunicaráse ao solicitante para que, no prazo de dous meses desde a súa notificación, complete a solicitude ou indique se se remite a unha solicitude anterior cuxa prioridade se reivindica.

2. Se o solicitante completa a solicitude no prazo de dous meses desde a data de depósito da solicitude de patente ou desde a notificación mencionada no número anterior, outorgarase como data de presentación a data en que se reciba a parte omitida da descrición ou os debuxos omitidos, ou a data en que se cumpran todos os requisitos prescritos no artigo 24 da lei e no artigo 17 do presente regulamento; aplicarase a data que sexa posterior e esta data comunicaráse ao solicitante.

Manterase como data de presentación aquela en que se cumpran todos os requisitos prescritos no artigo 24 da lei e no artigo 17 do presente regulamento, no suposto de que o solicitante retire, no prazo dun mes desde a súa achega, a parte omitida da descrición ou o debuxo omitido.

3. Se a solicitude de patente reivindica a prioridade dunha solicitude anterior, o solicitante poderá indicar que se remite a esa solicitude anterior para incorporar a parte omitida da descrición ou os debuxos omitidos. Neste caso, a parte omitida da descrición ou os debuxos omitidos deberán estar contidos integramente na solicitude anterior. Manterase como data de presentación a data en que se cumprisen todos os requisitos

prescritos no artigo 24 da lei e no artigo 17 do presente regulamento, se o solicitante presenta no prazo prescrito no número 2:

- a) Unha petición en que se indique que o contido da solicitude anterior se incorpore por referencia na solicitude.
- b) Unha copia certificada da solicitude anterior e, de ser o caso, unha tradución para o español, salvo que os ditos documentos estean á disposición da Oficina.
- c) Unha indicación do lugar en que a parte omitida da descrición ou o debuxo omitido figuran na solicitude anterior ou na tradución, de ser o caso.

4. En caso de que o solicitante non conteste a comunicación do número 1, a data de presentación será a data en que se cumprisen todos os requisitos prescritos no artigo 24 da lei e no artigo 17 do presente regulamento. Porén, non se terán en conta a parte omitida da descrición nin os debuxos omitidos.

Artigo 21. *Notificación conxunta de defectos e prazo de emenda.*

Os defectos previstos nos artigos 18, 19 e 20 do presente regulamento poderán ser comunicados ao solicitante conxuntamente mediante unha única notificación, na cal se outorgará un prazo común de dous meses contado desde a súa notificación para a súa emenda, con indicación de que, se non o fai, se terá por desistida a solicitude.

Artigo 22. *Patentes de interese para a defensa nacional.*

1. Na admisión a trámite da solicitude, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se o obxecto da invención pode ser de interese para a defensa nacional. En caso afirmativo, en aplicación dos artigos 33 e 34 da lei, a Oficina Española de Patentes e Marcas porá á disposición do Ministerio de Defensa a solicitude de patente unha vez admitida a trámite.

2. Se o Ministerio de Defensa emite un informe motivado en que considere que a invención interesa á defensa nacional, será de aplicación a tramitación secreta da solicitude de patente conforme o disposto nos artigos 47 e seguintes do presente regulamento.

Artigo 23. *Exame de oficio.*

1. Outorgada data de presentación e aboadas as taxas correspondentes, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará, para os efectos da publicación da solicitude:

- a) Se a instancia se axusta ao establecido no artigo 2 do presente regulamento.
- b) No suposto de que a descrición se presentase nun idioma distinto do español, se o solicitante achegou a correspondente tradución a que se refire o artigo 17.2 do presente regulamento.
- c) Se a solicitude contén unha ou varias reivindicacións segundo o disposto no artigo 23.1.c) da lei ou unha referencia a unha solicitude presentada con anterioridade, en virtude do artigo 17.3 do presente regulamento, con indicación de que tamén substitúe as reivindicacións.
- d) No suposto de que o solicitante pedise unha incorporación por referencia segundo o disposto nos artigos 24.1.c) da lei e 17.3 do presente regulamento, se o solicitante achegou a tradución a que se refire o artigo 17.4 do presente regulamento.
- e) Se a descrición, as reivindicacións, os debuxos e o resumo gardan as formalidades previstas no anexo do presente regulamento, unicamente na medida en que o seu cumprimento sexa necesario para os fins dunha publicación uniforme.
- f) Se a solicitude reivindica a prioridade dunha solicitude anterior, nacional ou estranxeira, ou a divulgación inocua derivada da exhibición nunha exposición oficial ou oficialmente recoñecida, examínase se cumpren os requisitos exixidos nos artigos 13 ao 15 do presente regulamento.

g) No suposto de solicitudes de patentes divisionais, de cambio de modalidade, de transformación dunha solicitude de patente europea ou de entrada en fase nacional dunha solicitude internacional PCT, se as mencións ao número e á data de solicitude da patente de orixe foron realizadas.

h) Se cumpre os requisitos relativos á representación segundo o disposto no artigo 175 da lei e nos artigos 107 e 108 do presente regulamento.

i) Se o obxecto da solicitude non está manifestamente e na súa totalidade excluído de patentabilidade por aplicación dos artigos 4.4 e 5 da lei.

2. A presenza de defectos formais na documentación non suspenderá a realización do informe sobre o estado da técnica sempre que aqueles non sexan de tal natureza que impidan a súa realización ou desvirtúen de tal modo o obxecto de busca que o seu resultado resulte inservible.

Artigo 24. *Notificación de defectos.*

1. Se a solicitude de patente presenta algún dos defectos mencionados no artigo anterior, a Oficina Española de Patentes e Marcas notificará ao solicitante todas as obxeccións para que este, no prazo de dous meses contado desde a publicación de defectos no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», emende os defectos ou efectúe as alegacións que considere oportunas en defensa da solicitude de patente. Na medida en que sexa necesario para corrixir os defectos notificados, o solicitante poderá modificar a descrición, as reivindicacións e os debuxos ou secuencias biolóxicas, nos termos previstos no artigo 48 da lei.

2. A contestación á notificación de defectos implicará o pagamento da taxa correspondente.

Artigo 25. *Denegación da solicitude.*

1. Transcorrido o prazo para a emenda de defectos ou para a presentación de alegacións previsto no artigo 24 do presente regulamento, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se os defectos foron debidamente emendados e se se pagou a taxa correspondente. No caso contrario, denegarase a solicitude. Esta resolución, que deberá estar motivada, notificaráselle ao solicitante e publicarase, así mesmo, no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha mención relativa á denegación cos datos necesarios para a identificación da solicitude de patente.

2. No caso de que os defectos se refiran ao dereito de prioridade previsto no artigo 13 ou á divulgación inocua derivada da exhibición nunha exposición oficial ou oficialmente recoñecida prevista no artigo 15, ambos do presente regulamento, notificaráselle ao solicitante a perda deste dereito.

Sección 2.^a Informe sobre o estado da técnica e opinión escrita

Artigo 26. *Contido do informe sobre o estado da técnica e da opinión escrita.*

1. O informe sobre o estado da técnica mencionará os elementos do estado da técnica de que dispoña a Oficina Española de Patentes e Marcas, no momento de establecer o informe, que poidan ser tomados en consideración para apreciar a novidade e a actividade creativa da invención obxecto da solicitude, sobre a base das reivindicacións, tendo debidamente en conta a descrición e, de ser o caso, os debuxos ou as secuencias biolóxicas.

2. Cada mención será realizada en relación coas reivindicacións correspondentes. Na medida do posible, identificarase a parte concreta do documento citado.

3. O informe sobre o estado da técnica deberá distinguir nos documentos mencionados entre os que foron publicados antes da data de prioridade, entre a data de prioridade e a data de presentación e na data de presentación ou posteriormente. O

informe sobre o estado da técnica mencionará a clasificación da solicitude de patente, segundo a clasificación internacional de patentes.

4. Todo documento que se refira a unha divulgación oral, a un uso ou a calquera outra divulgación que fose anterior á data de presentación da solicitude de patente será mencionado no informe sobre o estado da técnica, e precisarse, se existe, a data da publicación do documento e da divulgación non escrita.

5. Co informe sobre o estado da técnica achegarase unha opinión escrita, preliminar e non vinculante, acerca de se a invención obxecto da solicitude de patente parece ser nova, implicar actividade inventiva e ser susceptible de aplicación industrial, así como se a solicitude reúne as condicións da lei e do presente regulamento.

6. Sen prexuízo do disposto no artigo 36.5 da lei, realizarase o informe sobre o estado da técnica, xunto coa opinión escrita, no suposto de que non se realizase o informe de busca internacional para a totalidade da solicitude internacional ou que a solicitude nacional inclúa elementos sobre os cales non se realizase busca na fase internacional.

Artigo 27. *Falta de claridade ou de coherencia.*

1. Se a Oficina Española de Patentes e Marcas aprecia falta de claridade ou de coherencia na descrición ou nas reivindicacións, ou defectos que impidan total ou parcialmente realizar unha busca significativa, notificaráselle ao solicitante para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación dos defectos no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», formule as alegacións que considere oportunas, emende os defectos, modificando, de ser o caso, a descrición ou as reivindicacións e, de ser o caso, os debuxos, nos termos previstos no artigo 48 da lei, ou precise o obxecto da busca.

2. Transcorrido ese prazo, se o solicitante non contesta, ou os defectos non se emendan e persiste unha falta de claridade ou de coherencia ou de precisión no obxecto da busca, a Oficina Española de Patentes e Marcas realizará, na medida do posible, unha busca parcial e así se reflectirá no informe sobre o estado da técnica e a opinión escrita.

3. Se persiste unha falta de claridade ou de coherencia da descrición ou das reivindicacións que impida totalmente realizar unha busca significativa, a Oficina Española de Patentes e Marcas non realizará o informe sobre o estado da técnica nin a opinión escrita e denegará a solicitude de patente, con indicación dos motivos, o que lle notificará ao interesado. A mención da resolución de denegación publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 28. *Solicitudes que comprendan unha pluralidade de reivindicacións independentes.*

1. Se a Oficina Española de Patentes e Marcas considera que as reivindicacións, tal como foron presentadas, non se axustan ao disposto no artigo 7.2 do presente regulamento, notificarallo ao solicitante para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación dos defectos no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», presente as alegacións que considere convenientes ou achegue un novo conxunto de reivindicacións que servirá de base para a realización da busca.

2. Se, no prazo prescrito, o solicitante non achega o novo conxunto de reivindicacións ou este segue sen se axustar ao disposto no artigo 7.2 do presente regulamento, a busca realizarase en relación coa primeira reivindicación de cada categoría.

Artigo 29. *Falta de unidade de invención.*

1. Se, ao iniciar a busca, a Oficina Española de Patentes e Marcas aprecia que a solicitude de patente non satisfai a exigencia da unidade de invención prevista no artigo 26 da lei, emitirá un informe sobre o estado da técnica parcial respecto das partes da solicitude que se refiren á invención ou ao grupo de invencións mencionadas en primeiro lugar nas reivindicacións.

Este informe parcial, xunto coa opinión escrita, trasladarase ao solicitante para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» do defecto da falta de unidade de invención, efectúe as correspondentes alegacións fronte á dita obxección de falta de unidade de invención, divida a solicitude ou pague unha taxa adicional por solicitude de informe sobre o estado da técnica por cada invención adicional reivindicada. No momento de pagar as taxas adicionais o solicitante poderá facer igualmente alegacións sobre a obxección de falta de unidade de invención.

2. Malia o disposto no número anterior, por razóns de economía procedemental, ao mesmo tempo que se realiza a busca en relación coa invención principal poderase efectuar a busca dunha ou máis invencións adicionais, se tal busca implicase pouco ou ningún esforzo complementario.

3. Se, á vista das alegacións do solicitante presentadas no prazo prescrito no número 1, a Oficina Española de Patentes e Marcas finalmente considera que hai unidade de invención, realizarase a busca para as reivindicacións da solicitude de patente inicialmente non buscadas e emitirase un informe sobre o estado da técnica e unha opinión escrita definitivos para a totalidade da solicitude. No caso de se teren pagado taxas adicionais, estas serán devoltas ao solicitante.

4. Se, no prazo prescrito, o solicitante presenta unha ou máis solicitudes divisionais, considerarase o informe parcial e a opinión escrita como definitivos para a invención ou grupo de invencións respecto dos cales se realizasen para a invención de orixe.

5. Se o solicitante pagase as taxas adicionais no prazo prescrito, a Oficina Española de Patentes e Marcas realizará unha busca sobre as partes da solicitude que garden relación coas invencións ou grupo de invencións para as cales se pagasen taxas e emitirá o informe sobre o estado da técnica e opinión escrita definitivos.

6. Se no prazo prescrito o solicitante non emenda os defectos ou non paga as taxas adicionais ou non divide a solicitude, a Oficina Española de Patentes e Marcas considerará o informe parcial xunto coa opinión escrita como definitivos para a invención ou grupo de invencións en relación cos cales se realizasen. A tramitación só continuará para as reivindicacións respecto das cales se realizase o informe e así se indicará na opinión escrita.

Artigo 30. *Traslado do informe sobre o estado da técnica e da opinión escrita.*

Unha vez elaborados o informe sobre o estado da técnica e a opinión escrita, a Oficina Española de Patentes e Marcas dará traslado deles ao solicitante da patente. Ao mesmo tempo, daráselle acceso aos documentos citados.

Artigo 31. *Publicación da solicitude e do informe sobre o estado da técnica.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 37.2 da lei, transcorridos dezaioito meses desde a data de presentación da solicitude ou desde a data de prioridade que se reivindicase, unha vez superado o exame de oficio, a Oficina Española de Patentes e Marcas publicará, o antes posible, a mención no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» de que a solicitude de patente se pon á disposición do público.

2. Por petición do solicitante, a solicitude poderá publicarse antes do prazo de dezaioito meses mencionado no artigo 37.1 da lei, sempre que a solicitude superase o exame de oficio.

3. A mención no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a que se refire o número 1 incluirá as seguintes indicacións:

- a) O número da solicitude e de publicación.
- b) A data de presentación da solicitude.
- c) Os datos completos da prioridade ou prioridades reivindicadas.
- d) A clasificación internacional de patentes.
- e) O título da invención.
- f) A identificación do solicitante e do seu representante, de ser o caso.

g) A identificación do inventor ou inventores, salvo que renunciasen a ser mencionados como tales.

h) O resumo.

i) O debuxo máis representativo, de ser o caso.

4. Ao mesmo tempo, editarase un folleto da solicitude de patente que, ademais das indicacións incluídas no número 3, conterá a descrición, as reivindicacións e, de ser o caso, os debuxos. Mencionará tamén o «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» no cal se publica a solicitude de patente. As secuencias biolóxicas faranse accesibles ao público e así se mencionará no folleto.

5. Se no momento da publicación da solicitude de patente está dispoñible o informe sobre o estado da técnica, a Oficina Española de Patentes e Marcas publicará asemade no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a mención da publicación da solicitude e da posta á disposición do público tanto do informe como da opinión escrita. Así mesmo, o folleto da solicitude de patente a que se refire o número precedente incluírá o informe sobre o estado da técnica.

6. Se, en aplicación do artigo 36.5 da lei, non se realiza o informe sobre o estado da técnica, publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha mención á publicación do informe de busca internacional. A partir da dita publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» abrirase o cómputo do prazo previsto no artigo 39.2 da lei. Cando proceda, emitirase unha opinión escrita respecto do obxecto da solicitude, da cal se dará traslado ao solicitante, e porase á disposición do público.

Artigo 32. *Observacións de terceiros á solicitude.*

1. Unha vez efectuado o anuncio de publicación da solicitude de patente no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», calquera persoa poderá formular observacións debidamente razoadas e documentadas sobre a patentabilidade da invención obxecto da solicitude até o momento anterior á finalización do exame substantivo.

2. As observacións de terceiros presentaranse ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, non interromperán a tramitación da solicitude e serán trasladadas ao solicitante, quen poderá realizar alegacións se o xulga conveniente.

Sección 3.ª Exame substantivo e resolución

Artigo 33. *Petición de exame substantivo.*

1. O solicitante poderá formular a petición de exame substantivo desde o momento do depósito da solicitude e até o transcurso do prazo de tres meses contado a partir da data de publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» da mención da posta á disposición do público do informe sobre o estado da técnica. A petición do exame substantivo implicará o pagamento da taxa correspondente.

2. O solicitante poderá presentar observacións ao informe sobre o estado da técnica e á opinión escrita e, de ser o caso, ás observacións de terceiros, así como modificar a solicitude de patente nos termos previstos no artigo 48 da lei, até finalizar o prazo mencionado no número anterior.

3. Transcorrido o prazo prescrito sen que se formulase petición de exame substantivo ou sen que se pague a taxa correspondente, a solicitude de patente considerarase retirada. A resolución pola cal se declare retirada a solicitude comunicaráse ao solicitante e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

4. De acordo co artigo 39.2 da lei, a petición de exame poderase revogar en calquera momento do procedemento. Neste caso, a Oficina Española de Patentes e Marcas considerará retirada a solicitude de patente e así se publicará no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Esta revogación estará suxeita ás mesmas limitacións da retirada da solicitude de patente, conforme o artigo 67 deste regulamento. Se se iniciase o exame, non procederá a devolución da taxa de exame substantivo.

Artigo 34. *Exame substantivo e resolución.*

1. Publicado o informe sobre o estado da técnica e presentada en prazo a petición de exame e pagada a taxa correspondente, así como, de ser o caso, presentadas as observacións e modificacións pertinentes, iniciarase o exame.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas considerará o informe sobre o estado da técnica e a opinión escrita como primeira comunicación ao solicitante sobre se a invención reúne os requisitos formais, técnicos e de patentabilidade previstos na lei. No entanto, poderase levar a cabo unha busca complementaria co fin de descubrir a existencia dos documentos que fosen publicados ou se puxesen á disposición do público con posterioridade á data en que se realizase o informe sobre o estado da técnica.

3. Cando do exame non resulte a falta de ningún requisito que o impida, concederase a patente solicitada conforme o disposto no artigo 35 do presente regulamento. Se o solicitante modificou a súa solicitude de patente, comprobarase que tales modificacións cumpren cos requisitos dos artigos 48 da lei e 64 do presente regulamento.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas denegará a patente no caso de que o solicitante non realizase ningún acto para obviar as obxeccións contidas na primeira comunicación. A resolución de denegación deberá notificarse, con indicación dos motivos, e publicarse no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha mención relativa á denegación.

5. Nos demais casos se, á vista da contestación recibida e malia as alegacións ou modificacións achegadas, a Oficina Española de Patentes e Marcas considera que persisten motivos que impiden en todo ou en parte a concesión da patente, comunicaráselle estes ao solicitante, a quen se dará a oportunidade de realizar observacións ou corrixir a súa solicitude no prazo de dous meses a partir da publicación da mención de obxeccións no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Ao corrixir a solicitude, o solicitante poderá modificar, nos termos previstos no artigo 48 da lei, a descrición, as reivindicacións e os debuxos ou secuencias biolóxicas, de ser o caso, e redactará a patente tal como pretenda que sexa concedida.

6. A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá repetir a comunicación de obxeccións enviando novas comunicacións de defectos, dando novas oportunidades ao solicitante para emendar no prazo de dous meses en cada unha delas, contado desde a publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» se, malia as súas contestacións, aínda non lograrse corrixir completamente todos os defectos que impidan a concesión da patente, sempre e cando se considere que os defectos restantes son emendables e que o solicitante tratou manifestamente de corrixilos.

7. As novas oportunidades a que se refire o número anterior poderán consistir nun ou varios trámites escritos ou concentrarse nunha única vista oral cando se coide conveniente ou sexa solicitado polo solicitante. No caso de ausencia do solicitante da patente, o trámite considerarase concluído e continuará a tramitación. Dos asuntos tratados na vista oral elevarase unha breve acta, á cal se xuntarán os textos acordados. O solicitante deberá achegar a descrición e as reivindicacións, tal como fosen acordadas, cumprindo os requisitos formais exixidos no presente regulamento, no prazo de dez días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da elevación da acta no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

8. Finalizadas as actuacións dos tres puntos anteriores, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá definitivamente sobre a concesión ou denegación da patente, tendo en conta o texto achegado polo solicitante.

9. Contra a resolución denegatoria da solicitude de patente o solicitante da patente poderá formular recurso de alzada. O prazo para a interposición do recurso de alzada será dun mes contado desde a data de publicación da denegación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Non obstante, este prazo é susceptible de restablecemento de dereitos nas condicións e nos supostos previstos no artigo 53 da lei.

10. No procedemento de recurso o titular da patente poderá modificar a solicitude con suxeición ao disposto no artigo 48 da lei.

11. A resolución do recurso de alzada porá fin á vía administrativa.

Artigo 35. Concesión da patente.

1. A concesión da patente e a mención de que o expediente está á disposición do público publicaranse no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

2. A mención no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a que se refire o número 1 incluirá as seguintes indicacións:

- a) O número da solicitude e de publicación.
- b) A data de presentación da solicitude.
- c) Os datos completos da prioridade ou prioridades reivindicadas.
- d) A data de publicación da solicitude e, no caso de non seren coincidentes, a data de publicación do informe sobre o estado da técnica ou da mención á publicación do informe de busca internacional.
- e) Referencia ás modificacións introducidas nas reivindicacións.
- f) A clasificación internacional de patentes.
- g) O título da invención.
- h) A identificación do titular e do seu representante, de ser o caso.
- i) A identificación do inventor ou inventores, salvo que renunciase a ser mencionados como tales.
- j) A data de concesión.
- k) O resumo.

3. Ao mesmo tempo, editarase un folleto da patente en que, ademais das mencións incluídas no número anterior, se indicará o «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» en que se anunciou a concesión, conterá a descrición, as reivindicacións e, de ser o caso, os debuxos tal como fosen concedidos. As secuencias biolóxicas faranse accesibles ao público e así se mencionará no folleto. No folleto farase constar que a patente se concede sen prexuízo de terceiro e sen garantía do Estado en canto á súa validez e á utilidade do obxecto sobre o cal recae.

CAPÍTULO III**Procedemento de oposición****Artigo 36. Oposición á concesión.**

1. Conforme o previsto no número 1 do artigo 43 da lei, calquera persoa poderá opoñerse á concesión dunha patente mediante a presentación dun escrito de oposición dentro dos seis meses seguintes á publicación da concesión no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

2. O escrito de oposición a que se refire o artigo 43 da lei, suficientemente motivado, deberá presentarse na Oficina Española de Patentes e Marcas. A este escrito deberánse xuntar as correspondentes alegacións, feitos e probas invocadas en apoio delas. Se as probas achegadas non están redactadas en español, deberá achegarse unha tradución para o español. A presentación do escrito de oposición implicará o pagamento da taxa correspondente.

3. O escrito de oposición deberá conter os seguintes datos:

- a) A identidade do opoñente, de acordo co disposto nas alíneas b) e c) de artigo 2.1 do presente regulamento.
- b) Cando o opoñente actúe por medio dun representante, indicarse a identidade deste, de acordo co disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.
- c) O número da solicitude de patente contra a cal se formula oposición, así como a identificación do titular.
- d) Os motivos en que se funda esta oposición, de acordo co disposto no artigo 43.1 da lei, así como unha declaración que especifique en que medida a oposición suscitada afecta a patente, con detalle das reivindicacións afectadas pola oposición.

e) A sinatura do opoñente ou do seu representante.

4. A oposición non se admitirá cando non fose presentada dentro do prazo de seis meses previsto no artigo 43.1 da lei.

5. Nos supostos en que o escrito de oposición non se axuste ás disposicións dos números 1 e 2 ou cando non se aboase a taxa de oposición ou o pagamento fose insuficiente, notificaráselle as irregularidades observadas ao opoñente para que as emende no prazo dun mes contado desde a publicación de defectos no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», con indicación de que, se así non o fai, se considerará que desiste da oposición.

6. A resolución pola cal se admita, inadmita ou se teña por desistida a oposición notificaráselle ao opoñente, con indicación dos motivos, e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha mención relativa á resolución. Así mesmo, a resolución pola cal se inadmita ou se teña por desistida a oposición notificaráselle ao titular da patente.

Artigo 37. *Presentación e tramitación das oposicións.*

1. Poderá presentarse oposición contra unha patente, aínda que o seu titular renunciase á patente ou esta caducase.

2. Se o titular renuncia á patente ou esta caduca durante a tramitación dunha oposición porase en coñecemento do opoñente, que poderá solicitar por escrito a continuación do procedemento de oposición no prazo dun mes contado desde a publicación da posta en coñecemento ao opoñente no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

3. En calquera caso, unha vez admitida a trámite a oposición, esta poderá ser tramitada pola Oficina Española de Patentes e Marcas, aínda que o opoñente falecese ou retirase o escrito de oposición.

Artigo 38. *Traslado das oposicións ao titular da patente.*

1. Transcorrido o prazo de presentación de oposicións, daráselle traslado ao titular da patente daquelas oposicións admitidas a trámite e porase á súa disposición a documentación anexa para que, no prazo de tres meses desde a publicación do traslado das oposicións no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», presente alegacións e, na medida en que sexa necesario para emendar os defectos notificados, modifique as reivindicacións, descrición e debuxos ou secuencias biolóxicas, nos termos previstos nos artigos 48 da lei e 64 do presente regulamento.

2. No caso de que o titular da patente conteste as oposicións, a Oficina Española de Patentes e Marcas dará traslado simultaneamente a todos os opoñentes, de existiren varios, das alegacións e propostas de modificación presentadas polo titular da patente e outorgaralles un trámite de réplica en cada caso por un prazo común de dous meses desde a publicación do traslado da contestación ás oposicións no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 39. *Exame das oposicións e resolución.*

1. Para examinar os escritos de oposición, así como, de ser o caso, a contestación e réplicas, crearase unha comisión composta por tres expertos da Oficina Española de Patentes e Marcas tecnicamente cualificados, e un deles será o presidente. A comisión completárase cun xurista da mesma Oficina se se considera que a natureza da decisión así o exige. En caso de empate de votos, o presidente terá voto de calidade. Os membros da comisión serán designados polo director do Departamento de Patentes e Información Tecnolóxica atendendo a criterios de experiencia e especialización.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas examinará os motivos de oposición, así como as alegacións de todas as partes, incluídas, de ser o caso, as modificacións presentadas polo titular da patente. No suposto de que considere que ningún motivo de

oposición impide o mantemento da patente tal como foi concedida, desestimará a oposición ou as oposicións, de ser o caso. A resolución de desestimación notificaráselles ao titular e aos opoñentes, con indicación dos motivos e rexeitando a proposta de modificación. Esta resolución publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» e incluírase unha mención relativa ao mantemento da patente tal como foi concedida.

3. Cando, á vista das alegacións recibidas, incluídas as modificacións presentadas polo titular da patente, a Oficina Española de Patentes e Marcas considere que a patente pode manterse concedida na forma modificada proposta polo titular, resolverá estimando total ou parcialmente as oposicións, mantendo a concesión da patente de forma modificada.

4. Cando, malia as alegacións ou modificacións efectuadas polo titular, persistan os motivos que impidan o mantemento da patente, outorgaráselle ao titular un novo prazo dun mes contado desde a publicación da súa mención no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», para presentar novas alegacións ou modificacións das reivindicacións, da descrición e, de ser o caso, dos debuxos ou secuencias biolóxicas, nos termos previstos nos artigos 48 da lei e 64 do presente regulamento. Outorgaranse novas oportunidades, sempre e cando se considere que as obxeccións son emendables e que o titular tratou manifestamente de corrixilas. Antes de resolver definitivamente, outorgaráselles un prazo de 10 días aos opoñentes para que presenten as alegacións finais que coiden pertinentes.

5. O trámite de novas oportunidades ao titular e de alegacións finais aos opoñentes a que se refire o número anterior poderá consistir nun ou varios trámites escritos ou concentrarse nunha única vista oral, cando se crea conveniente, ou por petición do titular da patente ou dalgún dos opoñentes. A ausencia dos opoñentes non impedirá a celebración da vista. No caso de ausencia do titular da patente, o trámite considerarase concluído e continuará a tramitación. Dos asuntos tratados na vista oral elevarase unha breve acta, á cal se xuntarán os textos propostos polo titular. O titular deberá achegar a descrición, as reivindicacións e, de ser o caso, os debuxos ou secuencias biolóxicas, tal como fosen propostos, cumprindo os requisitos formais exixidos no presente regulamento, no prazo de dez días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da elevación da acta no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

6. Se, finalmente, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolve estimando total ou parcialmente as oposicións, revogarase a concesión da patente ou manterase a concesión da patente de forma modificada.

7. A resolución motivada pola cal se revogue a patente notificaráselles ao titular e aos opoñentes, con indicación dos motivos, e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha mención relativa á revogación.

8. A mención no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a que se refire o número anterior incluírá as seguintes mencións:

- a) O número de solicitude e de publicación.
- b) A data de presentación da solicitude.
- c) Os datos completos da prioridade ou prioridades reivindicadas.
- d) A clasificación internacional de patentes.
- e) O título da invención.
- f) A identificación do titular e do seu representante, de ser o caso.
- g) Identificación de que a patente se revogou e a data da resolución de revogación.

9. A resolución motivada pola cal se acorde manter a patente de forma modificada notificaráselles ao titular e aos opoñentes. Así mesmo, publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a mención de que a patente se mantén de forma modificada e de que está á disposición do público.

10. A mención no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a que se refire o número anterior incluírá as seguintes indicacións:

- a) O número de solicitude e de publicación.
- b) A data de presentación da solicitude.

- c) Os datos completos da prioridade ou prioridades reivindicadas.
- d) A data de publicación da solicitude e, no caso de non seren coincidentes, a data de publicación do informe sobre o estado da técnica ou da mención á publicación do informe de busca internacional.
- e) Referencia ás modificacións introducidas nas reivindicacións.
- f) A clasificación internacional de patentes.
- g) O título da invención.
- h) A identificación do titular e do seu representante, de ser o caso.
- i) A identificación do inventor ou inventores, salvo que renunciaren a ser mencionados como tales.
- j) A data de resolución pola cal se acorda manter a patente de forma modificada.
- k) A data de modificación das reivindicacións.
- l) O resumo.

11. Ao mesmo tempo, editarase un folleto da patente que, ademais das indicacións incluídas no número anterior, conterá a descrición, as reivindicacións e, de ser o caso, os debuxos tal como fosen modificados. As secuencias biolóxicas faranse accesibles ao público e así se mencionará no folleto.

12. Contra a concesión dunha patente só poderá interpor recurso de alzada quen fose parte nun procedemento de oposición e dirixirse contra o acto resolutorio da oposición suscitada. Para estes efectos, poderase entender desestimada a oposición se, transcorrido o prazo para resolvela e notificala, non se ditase resolución expresa. O prazo para interpor o recurso de alzada será dun mes contado desde a data de publicación da resolución no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Non obstante, este prazo é susceptible de restablecemento de dereitos nas condicións e supostos previstos no artigo 53 da lei.

13. No procedemento de recurso o titular da patente poderá modificar a solicitude con suxeición ao disposto no artigo 48 da Lei de patentes.

14. A resolución do recurso de alzada porá fin á vía administrativa.

Artigo 40. *Concurrencia de procedemento xudicial e de procedemento de oposición.*

1. No caso de que conste anotada no Rexistro de Patentes a tramitación dun procedemento xudicial sobre a validez da patente ou de infracción contra a cal se presentou a oposición, a Oficina Española de Patentes e Marcas porá en coñecemento do xuíz ou tribunal, para os efectos oportunos, a tramitación dun procedemento de oposición.

2. Transcorrido o prazo para presentar oposicións, calquera terceiro poderá solicitar intervir no procedemento de oposición sempre e cando presente escrito de oposición na forma prevista no artigo 36 deste regulamento e acredite que o titular interpuxo unha acción de violación contra el ou que, despois de ter sido requirido polo titular da patente para cesar na presunta violación da dita patente, exerceu unha acción negatoria, conforme o establecido no artigo 121 da lei. A declaración de intervención presentarase nun prazo de tres meses desde a data en que se interpoña a acción xudicial correspondente. Admitida a solicitude de intervención dun terceiro, tramitarase como unha oposición.

CAPÍTULO IV

Procedemento de revogación ou limitación

Artigo 41. *Solicitude de revogación ou limitación.*

1. O titular poderá solicitar a revogación total ou limitación da súa patente tal como foi concedida ou limitada nun procedemento de oposición ou de limitación anterior.

2. A solicitude de revogación ou limitación, que implicará o pagamento da taxa correspondente, deberá presentarse por escrito ante a Oficina Española de Patentes e Marcas mediante modelo oficial que deberá conter os seguintes datos:

a) A identidade do titular da patente, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.

c) Se o titular designou un representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.

c) O número da solicitude, o número de publicación, a data de publicación e o código de tipo de documento da patente cuxa revogación ou limitación se solicita.

d) Se o titular solicita a limitación da patente, indicación de que achega un conxunto de reivindicacións modificadas e, de ser o caso, unha modificación da descrición, dos debuxos ou das secuencias biolóxicas, nos termos previstos nos artigos 48 da lei e 64 do presente regulamento.

e) Se existen inscritos dereitos reais, opcións de compra, embargos, licenzas ou unha demanda xudicial, indicación de que se achega o consentimento dos titulares destes dereitos ou do demandante.

f) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

3. O titular non poderá presentar unha solicitude de limitación durante o prazo para presentar oposicións previsto no artigo 43.1 da lei, nin mentres estea en tramitación unha oposición contra a concesión da patente ou se estea tramitando unha limitación anteriormente solicitada.

4. Coa solicitude deberanse xuntar os documentos que se citan nas alíneas d) e e) do número 2 deste artigo.

Artigo 42. *Procedemento de revogación ou limitación.*

1. A Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a documentación presentada cumpre os requisitos establecidos nos artigos 105 da lei e 41 do presente regulamento. Se do exame efectuado resulta algunha irregularidade ou defecto, suspenderase a tramitación e notificaránselle ao titular as obxeccións observadas para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as emende ou presente as súas alegacións.

2. Transcorrido o prazo de dous meses, se os defectos foron debidamente corrixidos, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá sobre o solicitado. No caso contrario, denegarase a solicitude de revogación ou limitación. En ambos os casos a resolución correspondente deberá notificarse, con indicación dos motivos, e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha mención relativa, de ser o caso, á súa revogación, limitación ou denegación. A mención da limitación conterà as indicacións a que se refire o artigo 39.8 do presente regulamento.

Ao mesmo tempo, editarase un folleto da patente coas indicacións citadas no artigo 39.11 do presente regulamento, que substitúa as referencias á concesión de forma modificada pola limitación.

Artigo 43. *Petición de limitación estando pendente un procedemento xudicial.*

1. Cando estea en trámite un procedemento xudicial sobre a validez da patente que conste inscrito no Rexistro de Patentes, a Oficina Española de Patentes e Marcas comunicará ao xuíz ou tribunal a petición de limitación, para os efectos oportunos. A denegación da autorización facultará o titular da patente para solicitar á Oficina Española de Patentes e Marcas a devolución da taxa de limitación.

2. Se, iniciado un procedemento de limitación, se notifica e inscribe no Rexistro de Patentes un procedemento xudicial sobre a validez da patente, a Oficina Española de Patentes e Marcas comunicará ao xuíz ou tribunal a existencia dun procedemento de limitación en trámite, para os efectos oportunos.

3. Unha vez tramitado o procedemento de limitación, a Oficina Española de Patentes e Marcas porá en coñecemento do xuíz ou tribunal a resolución e achegará a patente tal como quedase modificada.

CAPÍTULO V

Outros procedementos

Sección 1.ª Solicitudes divisionais

Artigo 44. Petición de división.

1. As solicitudes que non cumpran o requisito de unidade de invención establecido no artigo 26 da lei poderán ser divididas polo solicitante, logo de requirimento por parte da Oficina Española de Patentes e Marcas, segundo se regula nos artigos 29 e 59 deste regulamento.

2. O solicitante dunha patente poderá solicitar, por iniciativa propia, a división da súa solicitude en calquera momento anterior á finalización do exame substantivo.

O solicitante dun modelo de utilidade poderá solicitar, por iniciativa propia, a división da súa solicitude en calquera momento anterior á resolución a que se refiren os números 3 e 4 do artigo 62 do presente regulamento.

3. Ao presentar a solicitude divisional, o solicitante deberá xustificar en que medida o obxecto de protección da solicitude divisional é unha parte e non é esencialmente o mesmo que o da solicitude orixinaria.

Artigo 45. Formalización e tramitación da solicitude divisional.

1. No momento de pedir a división da solicitude de patente ou de modelo de utilidade, o solicitante deberá formalizar a súa solicitude divisional, que deberá cumprir os requisitos prescritos no capítulo I do título I do presente regulamento.

2. Para os efectos de manter como data de presentación a asignada á solicitude inicial, a Oficina Española de Patentes e Marcas verificará se o obxecto da solicitude divisional se encontra comprendido na solicitude inicial.

3. No caso de que se solicite a división dunha solicitude de patente, a taxa da solicitude e a taxa do informe sobre o estado da técnica deberán aboarse dentro do prazo dun mes desde o depósito da solicitude divisional. Se, en relación coa solicitude inicial, se pagasen as taxas adicionais referidas no artigo 29 do presente regulamento, o solicitante non terá que pagar, respecto da solicitude divisional, a taxa da solicitude do informe sobre o estado da técnica, na medida en que o obxecto da solicitude divisional xa fose obxecto de busca. Neste caso, emitirase unha opinión escrita respecto do obxecto da solicitude divisional, da cal se dará traslado ao solicitante e se porá á disposición do público. Así mesmo, publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha mención á publicación do informe sobre o estado da técnica realizado respecto da solicitude inicial. A partir da dita publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» abrirase o cómputo do prazo previsto no artigo 39.2 da lei para solicitar o exame substantivo.

4. No caso de que non se aboase a taxa do informe sobre o estado da técnica ou non se aboase na súa totalidade ou se, a pesar de se teren pagado as taxas adicionais referidas no artigo 29 do presente regulamento, resulta que o obxecto ou parte do obxecto da solicitude divisional non foi obxecto de busca, comunicaráselle ao solicitante a necesidade de aboar a taxa ou completar o pagamento no prazo dun mes contado desde a publicación do defecto no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», con indicación de que, se así non se fai, se resolverá considerando desistida a solicitude divisional. A resolución de desistencia notificaráselle ao solicitante e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

5. A descrición e os debuxos, tanto na solicitude inicial da patente ou do modelo de utilidade, como de calquera solicitude divisional, só deben referirse, en principio, aos elementos que se pretenden protexer na dita solicitude. No entanto, cando sexa necesario describir nunha solicitude os elementos para os cales se pediu protección noutra solicitude, deberá facerse referencia a esta outra solicitude.

*Sección 2.ª Cambio de modalidade**Artigo 46. Cambio de modalidade.*

1. O solicitante dunha patente poderá pedir, en calquera momento anterior á finalización do exame substantivo, que se transforme a súa solicitude de patente nunha solicitude para a protección do obxecto da súa invención baixo outra modalidade de propiedade industrial.

O solicitante dun modelo de utilidade poderá pedir, en calquera momento anterior á resolución a que se refiren os números 3 e 4 do artigo 62 do presente regulamento, que se transforme a súa solicitude de modelo de utilidade nunha solicitude para a protección do obxecto da súa invención baixo outra modalidade de propiedade industrial.

A petición de cambio de modalidade implicará o pagamento da taxa correspondente.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas, como consecuencia do exame de oficio do artigo 35 da lei ou do exame substantivo do artigo 40 da lei ou do exame de oficio do artigo 142 da lei, poderá propor ao solicitante o cambio de modalidade da solicitude, notificándollo para que, nos prazos previstos nos artigos 24, 34.5 e 59.3, respectivamente, do presente regulamento, acepte ou rexeite a proposta. Entenderase que a rexeita se no prazo mencionado non pide expresamente o cambio de modalidade. Se a proposta é rexeitada, continuará a tramitación do expediente na modalidade orixinariamente solicitada.

3. Cando o solicitante pida o cambio de modalidade, a Oficina Española de Patentes e Marcas acordará o cambio e comunicará o acordo ao interesado con indicación da documentación que debe presentar, indicándolle que posúe para iso un prazo de dous meses contado desde a publicación do anuncio do acordo de cambio de modalidade no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Se se detecta a falta do pagamento da taxa ou o pagamento insuficiente, comunicarásele igualmente ao solicitante que realice ou complete o pagamento no dito prazo. A falta de presentación da nova documentación ou do pagamento da taxa no prazo indicado fará que se teña por desistida a solicitude de cambio de modalidade, anularase a solicitude correspondente á nova modalidade e continuará a tramitación da solicitude orixinaria.

4. Se o solicitante achega no prazo prescrito a documentación indicada ou emenda o pagamento da taxa, a Oficina Española de Patentes e Marcas daralle o trámite oportuno e manterá, de ser o caso, a data de presentación da solicitude orixinaria.

*Sección 3.ª Tramitación secreta de patentes que interesan á defensa nacional**Artigo 47. Patentes de interese para a defensa nacional.*

1. O contido de todas as solicitudes de patentes manterase secreto até que transcorra un mes desde a data da súa presentación. Antes de que finalice, a Oficina Española de Patentes e Marcas prorrogará este prazo, segundo o disposto no artigo 111.1 da lei, até catro meses se considera que a invención obxecto desta pode ser de interese para a defensa nacional.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas notificará a prórroga ao solicitante e enviará ao Ministerio de Defensa copia da solicitude da patente para que se pronuncie sobre se o obxecto da solicitude de patente é de interese para a defensa nacional.

3. En caso de que o Ministerio de Defensa considere que a invención interesa á defensa nacional, requirirá a Oficina Española de Patentes e Marcas para que, antes de que finalice o prazo de catro meses, decrete a súa tramitación secreta. O acordo polo cal se decreta a tramitación secreta da solicitude de patente notificaráselle ao solicitante e darase traslado del ao Ministerio de Defensa.

Artigo 48. Solicitudes que reivindiquen a prioridade dunha solicitude estranxeira declarada secreta.

1. Se unha solicitude de patente presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas reivindica a prioridade dunha solicitude de patente declarada secreta por un país

pertencente á Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN) ou co cal España subscribíse un acordo internacional en materia de defensa, outorgaráselle, polo menos, o mesmo nivel de segredo que aquel outorgado polo país de orixe.

2. De conformidade co artigo III do Acordo da OTAN para a salvagarda mutua do segredo das invencións relacionadas coa defensa respecto das cales se presentasen solicitudes de patentes (feito en París o 21 de setembro de 1960), salvagardarase o segredo da invención se o solicitante renuncia a toda reclamación de indemnización por danos ou perdas debidos exclusivamente á imposición do segredo sobre a invención por parte do país de orixe. En caso de que non presente a renuncia á indemnización, a Oficina Española de Patentes e Marcas rexeitará a solicitude de patente e devolverá ao solicitante os documentos remitidos.

Artigo 49. Solicitudes de patente no estranxeiro que reivindiquen a prioridade dunha solicitude nacional declarada secreta.

1. O solicitante non poderá presentar solicitudes de protección no estranxeiro reivindicando a prioridade dunha solicitude de patente presentada ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, antes do transcurso do prazo dun mes desde a data de presentación, salvo autorización expresa da Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas non poderá conceder esta autorización para aquelas solicitudes de patentes que fosen postas á disposición do Ministerio de Defensa en virtude do disposto no artigo 111.1 da lei ou que estean suxeitas a réxime de segredo, salvo que o Ministerio de Defensa o autorice expresamente.

Artigo 50. Primeira solicitude de patente no estranxeiro de invencións en España.

1. Cando se trate de invencións realizadas en España, o interesado non poderá presentar unha solicitude de patente como primeira solicitude no estranxeiro, salvo autorización expresa da Oficina Española de Patentes e Marcas. A petición de autorización deberá presentala o interesado ante a Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. Para avaliar se a invención interesa á defensa nacional, o interesado deberá achegar, en condicións de segredo, unha copia da solicitude de patente tal como a pretenda presentar no estranxeiro, xunto coa descrición, reivindicacións e debuxos e, de ser o caso, unha tradución para o español da dita documentación.

3. A Oficina Española de Patentes e Marcas autorizará, no prazo máximo dun mes, a presentación dunha primeira solicitude no estranxeiro cando considere que a invención non é de interese para a defensa nacional e a súa presentación no estranxeiro non contraveña o previsto nos acordos internacionais en materia de defensa subscritos por España.

4. Porén, se a Oficina Española de Patentes e Marcas considera que a invención pode interesar á defensa nacional, denegará, no mesmo prazo dun mes do número anterior, a autorización a presentar unha primeira solicitude no estranxeiro e así llo notificará ao interesado. Neste caso, só se concederá a autorización se o interesado achega autorización expresa do Ministerio de Defensa.

Artigo 51. Tramitación das solicitudes de patentes suxeitas a réxime de secreto.

1. Os capítulos I, II e III do presente título I serán de aplicación ás solicitudes de patentes declaradas en réxime de segredo, salvo no referente á publicación e á divulgación. As notificacións realizaránselle directamente ao solicitante ou ao seu representante.

2. Os trámites relativos a solicitudes de patentes tramitadas en réxime de segredo anotaranse no Rexistro de Patentes Secretas, que só será accesible ao persoal habilitado de acordo coa normativa vixente en materia de protección de información clasificada do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

3. Unha vez levantado o secreto, a Oficina Española de Patentes e Marcas continuará cos trámites correspondentes previstos no título I do presente regulamento. As anotacións

practicadas no Rexistro de Patentes Secretas trasladaranse ao Rexistro de Patentes a que fai referencia o artigo 79 da lei.

No caso de que o levantamento do secreto tivese lugar unha vez concedida a patente, publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a concesión e emitírase o correspondente folleto, tal como prevé o artigo 35 do presente regulamento. A partir desta publicación abrírase o prazo de presentación de oposicións recollido no artigo 43 da lei.

Artigo 52. Levantamento de segredo.

1. As solicitudes de patente ou as patentes suxeitas a réxime de segredo declarado por un país pertencente á Organización do Tratado do Atlántico Norte, ou co cal España subscribíse un acordo internacional en materia de defensa, manterán o dito réxime até que a Oficina Española de Patentes e Marcas reciba a comunicación de levantamento do segredo.

2. Tanto as solicitudes de patente que se encontren en tramitación en réxime de segredo como aquelas solicitudes de patente que fosen denegadas baixo esta forma de tramitación, manterán este réxime secreto até que o Ministerio de Defensa acorde o levantamento do segredo.

3. As patentes secretas cuxa concesión se producise durante a súa tramitación baixo o réxime de segredo manteranse nese mesmo réxime a partir da data de concesión, por anos renovables automaticamente, até que o Ministerio de Defensa comunique o levantamento do segredo. A continuación, a Oficina Española de Patentes e Marcas notificarallo ao titular da patente.

Artigo 53. Réxime das solicitudes de patentes ou das patentes suxeitas a segredo.

1. As solicitudes de patente ou as patentes suxeitas a réxime de segredo non poderán ser retiradas, renunciadas, revogadas ou limitadas sen a autorización expresa da autoridade que declarou o segredo.

2. As patentes secretas non estarán suxeitas ao pagamento de anualidades. Unha vez levantado o segredo, segundo o previsto no artigo 52 do presente regulamento, o titular das patentes deberá aboar as anualidades que devindiquen a partir da publicación de concesión no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

TÍTULO II

Certificados complementarios de protección de medicamentos ou da súa prórroga e produtos fitosanitarios

Artigo 54. Presentación da solicitude.

1. A solicitude de certificado complementario de protección ou da súa prórroga presentarase no modelo oficial e deberá conter:

a) Cando a solicitude se refira a medicamentos:

i. O establecido no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 469/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de maio de 2009, relativo ao certificado complementario de protección para os medicamentos (en diante, Regulamento (CE) n.º 469/2009).

ii. Información de que o produto está protexido pola patente de base designada polo seu titular para os fins do procedemento de obtención do certificado.

b) Cando a solicitude se refira a produtos fitosanitarios:

i. O establecido no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 1610/96 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 1996, polo que se crea un certificado complementario de protección para os produtos fitosanitarios (en diante, Regulamento (CE) n.º 1610/96).

ii. Información de que o produto está protexido pola patente de base designada polo seu titular para os fins do procedemento de obtención do certificado.

c) Cando a solicitude se refira a unha prórroga dun certificado complementario de protección de medicamento:

i. O establecido no artigo 8, alínea d), do Regulamento (CE) n.º 469/2009.
ii. Declaración responsable sobre o contido dos documentos achegados, con indicación dos Estados membros da Unión Europea a que correspondan.

d) A sinatura do solicitante ou do seu representante.

2. A presentación da solicitude de certificado complementario de protección ou da súa prórroga implicará o pagamento da taxa correspondente.

Artigo 55. Exame de formalidades e publicación da solicitude.

1. A Oficina Española de Patentes e Marcas comprobará se se aboou a taxa pola solicitude de certificado complementario de protección ou a súa prórroga e se se reúnen os datos necesarios para a publicación previstos no artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 1610/96 ou do artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 469/2009. En caso de que se detecte algún defecto, notificaráselle ao solicitante e outorgaráselle un prazo de dez días desde a publicación do defecto no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» para que mellore a solicitude, con indicación de que, se así non o fai, se denegará a solicitude.

2. Unha vez superado o exame, dentro do prazo de tres meses a Oficina Española de Patentes e Marcas publicará no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a solicitude de certificado complementario de protección ou de prórroga, de acordo co establecido no artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 469/2009 e no artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 1610/96.

Artigo 56. Exame da solicitude.

1. Unha vez publicada a solicitude, a Oficina Española de Patentes e Marcas comprobará se a solicitude de certificado complementario de protección ou a súa prórroga e o produto a que se refire cumpren os requisitos establecidos no Regulamento (CE) n.º 469/2009 e no Regulamento (CE) n.º 1610/96. Non se comprobará de oficio se a autorización de comercialización é a primeira autorización como medicamento ou produto fitosanitario na Unión Europea.

2. Se se detectan irregularidades na documentación ou se a solicitude ou o seu obxecto non reúnen as condicións respectivamente establecidas no Regulamento (CE) n.º 469/2009 ou no Regulamento (CE) n.º 1610/96, comunicaráselle os defectos ao solicitante para que os corrixa ou formule as súas alegacións no prazo de dous meses contado desde a súa publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», con indicación de que, se non os corrixe, se denegará a solicitude.

3. Cando os defectos non se corrixan ou se considere que persisten as obxeccións sinaladas na notificación, denegarase a solicitude de certificado complementario de protección ou a solicitude de prórroga, con indicación dos motivos, e publicarase a resolución no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 57. Concesión do certificado complementario de protección ou da prórroga.

Se a solicitude do certificado complementario de protección ou da prórroga e o produto a que se refire cumpren as condicións establecidas na normativa comunitaria, a Oficina Española de Patentes e Marcas concederá o certificado ou a prórroga e publicará no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a resolución de concesión, segundo o establecido no artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 469/2009 e no artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 1610/96.

TÍTULO III

Modelos de utilidade

CAPÍTULO I

Procedemento de concesión

Artigo 58. *Solicitud de modelo de utilidade.*

1. Para a obtención dun modelo de utilidade deberá presentarse unha solicitude que deberá conter a documentación a que fai referencia o artigo 141.1 da lei, tal como se desenvolve neste regulamento.

2. Para os efectos de obtención dunha data de presentación, a descrición poderá redactarse en calquera idioma e deberase presentar unha tradución para o español no prazo de dous meses desde a data de depósito da solicitude de modelo de utilidade ou até a finalización do prazo previsto no artigo 59.3 do presente regulamento; aplicarase o prazo que finalice máis tarde.

Artigo 59. *Asignación de data de presentación e exame de oficio.*

1. O procedemento para obter data de presentación será o regulado nos artigos 17 ao 21 do presente regulamento.

2. Outorgada a data de presentación á solicitude de modelo de utilidade e aboadas as taxas correspondentes, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se reúne os requisitos establecidos para as solicitudes de patentes no artigo 23 do regulamento, excepto o relativo ao resumo previsto na alínea e) e na alínea i). Verificará igualmente se o seu obxecto é susceptible de protección como modelo de utilidade.

3. Se, como resultado do exame de oficio, se aprecia que a solicitude presenta defectos ou que o seu obxecto non é susceptible de protección como modelo de utilidade, pero si mediante outra modalidade da propiedade industrial, a Oficina Española de Patentes e Marcas declarará en suspenso o expediente e outorgará ao solicitante un prazo de dous meses para corrixir, de ser o caso, os defectos sinalados ou formular as alegacións pertinentes. Na medida en que sexa necesario para corrixir os defectos notificados, o solicitante poderá modificar a descrición, as reivindicacións e os debuxos, nos termos previstos no artigo 48 da lei, dividir a solicitude ou pedir o cambio de modalidade.

4. Transcorrido o prazo para a emenda de defectos ou para a presentación de alegacións, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se os defectos foron debidamente corrixidos e se pagou a taxa correspondente. En caso contrario, denegará a solicitude. Igualmente, denegarase a solicitude de modelo de utilidade cando, malia as alegacións do solicitante, se considere que o obxecto da solicitude non é susceptible de protección mediante modelo de utilidade e non pedise expresamente o cambio de modalidade.

A resolución de denegación notificaráselle ao solicitante, con indicación dos motivos, e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha mención relativa á denegación cos datos necesarios para a identificación da solicitude de modelo de utilidade.

No caso de que os defectos se refiran ao dereito de prioridade previsto no artigo 13 ou á divulgación inocua derivada da exhibición nunha exposición oficial ou oficialmente recoñecida prevista no artigo 15, ambos do presente regulamento, notificaráselle ao solicitante a perda deste dereito.

Se, malia as alegacións do solicitante, a Oficina Española de Patentes e Marcas segue considerando que a invención obxecto da solicitude de modelo de utilidade carece de unidade de invención, outorgará un prazo dun mes para que divida a solicitude e proceda segundo o disposto no artigo 45 do presente regulamento.

5. Cando o solicitante pedise o cambio de modalidade e aboase a taxa correspondente, a Oficina Española de Patentes e Marcas acordará o cambio e comunicará

o acordo ao interesado, con indicación da documentación que debe presentar e, para tal efecto, outorgaralle un prazo de dous meses contado desde a publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» do acordo de cambio de modalidade. Na falta de presentación da nova documentación no prazo indicado, considerarase desistida a solicitude de cambio de modalidade e así se lle comunicará; así mesmo, anularase a solicitude correspondente á nova modalidade. Ademais, a solicitude de modelo de utilidade denegarase segundo o previsto no número anterior. A resolución de desistencia deberá notificarse, con indicación dos motivos, e publicarse no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Se o solicitante chega no prazo indicado a documentación requirida, a Oficina Española de Patentes e Marcas daralle o trámite oportuno e manterá, de ser o caso, a data de presentación da solicitude orixinaria.

Artigo 60. *Publicación da solicitude.*

1. Se do exame de oficio non resultan defectos que impidan a concesión ou cando tales defectos fosen debidamente corrixidos, a Oficina Española de Patentes e Marcas notificará ao interesado a resolución favorable á continuación do procedemento e porá á disposición do público a solicitude de modelo de utilidade facendo a correspondente mención no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

As indicacións que deban incluír a mención no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» serán aquelas a que se refire o artigo 31.3 do presente regulamento. Ademais, incluíranse as reivindicacións do modelo de utilidade solicitado e, de ser o caso, unha reprodución dos debuxos.

2. Ao mesmo tempo, editarase un folleto da solicitude de modelo de utilidade que conterá as mencións indicadas no artigo 31.4 do presente regulamento, excepto o referido ao resumo.

Artigo 61. *Oposicións.*

1. O escrito de oposición, suficientemente motivado, deberá dirixirse á Oficina Española de Patentes e Marcas e presentarse no prazo de dous meses contado desde a publicación da solicitude no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Co escrito de oposición deberanse achegar as correspondentes alegacións, incluíndo os feitos e as probas invocadas en apoio delas. Se as probas achegadas non están redactadas en español, deberá achegarse unha tradución para o español. A presentación do escrito de oposición implicará o pagamento da taxa correspondente.

2. O escrito de oposición deberá conter os seguintes datos:

a) A identidade do opoñente, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.

b) Se o opoñente designou un representante, a identidade deste, de conformidade co disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.

c) O número de solicitude de modelo de utilidade contra a cal se formula oposición, así como a identificación do solicitante.

d) Os motivos en que se funda a dita oposición de acordo co disposto no artigo 144.1 da lei, así como unha declaración que especifique en que medida a oposición presentada afecta o modelo de utilidade solicitado, detallando as reivindicacións afectadas pola oposición.

3. Unha vez formulada en prazo a oposición, se se solicita a prórroga de dous meses adicionais do artigo 144.2 da lei, deberá indicarse sobre que aspectos se pretende completar alegacións ou achegar documentación probatoria adicional.

4. A oposición non se admitirá:

a) Cando o escrito de oposición non se presentase dentro do prazo previsto no número 1.

b) Cando non se aboase a taxa de oposición.

c) Cando o escrito de oposición non permitise identificar inequivocamente a solicitude contra a cal se formula oposición, a identidade do opoñente ou non se enuncien os motivos e as probas en que se funda.

d) Cando non se presentase o poder de representación.

No suposto previsto nas alíneas b), c) e d), daráselle ao opoñente a oportunidade de corrixir os defectos ou presentar alegacións no prazo de dez días contado desde a súa publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», con indicación de que, se así non o fai, se inadmitirá a oposición.

Se o escrito de oposición non se axusta ás demais disposicións do presente artigo, notificaránselle as irregularidades observadas ao opoñente para que as corrixa no prazo dun mes desde a súa publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», con indicación de que, se así non o fai, se considerará que desiste da oposición.

5. A resolución pola cal se inadmita ou se teña por desistida a oposición deberá notificarse tanto ao opoñente como ao solicitante do modelo de utilidade, con indicación dos motivos, e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha mención relativa á resolución.

6. A Oficina Española de Patentes e Marcas dará traslado ao solicitante do modelo de utilidade daquelas oposicións admitidas xunto coa documentación anexa para que, no prazo de dous meses desde a publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» do traslado da oposición, se o considera oportuno, presente alegacións, modifique as reivindicacións, descrición e debuxos, nos termos previstos no artigo 48 da lei, ou solicite que continúe a tramitación. Se o solicitante non contesta en prazo, continuarase coa tramitación.

7. No caso de que o solicitante do modelo de utilidade conteste as oposicións, a Oficina Española de Patentes e Marcas dará traslado simultaneamente a todos os opoñentes, de existiren varios, das alegacións e propostas de modificación presentadas polo solicitante e outorgaralles un trámite de réplica en cada caso por prazo común de dez días desde a publicación do traslado da contestación ás oposicións no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

8. O opoñente poderá retirar o escrito de oposición até que transcorra o prazo establecido no número anterior.

Artigo 62. *Exame das oposicións.*

1. Para examinar os escritos de oposición, así como, de ser o caso, a contestación e réplicas, crearase unha comisión composta por tres expertos da Oficina Española de Patentes e Marcas tecnicamente cualificados, dos cales un será o presidente. A comisión completárase cun xurista se se considera que a natureza da decisión así o exige. En caso de empate de votos, o presidente terá voto de calidade.

2. Cando a Oficina Española de Patentes e Marcas considere que, malia as modificacións ou alegacións do solicitante, persisten motivos que impidan a concesión do modelo de utilidade, outorgará ao solicitante un prazo dun mes contado desde a publicación da obxección á concesión no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» para que corrixa o defecto ou presente novas alegacións. Na medida en que sexa necesario para corrixir os defectos, o solicitante poderá modificar a descrición, as reivindicacións e os debuxos, de ser o caso, nos termos previstos nos artigos 48 da lei e 64 do presente regulamento.

3. Finalmente, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá estimando en todo ou en parte as oposicións presentadas, concedendo a solicitude, de ser o caso, de forma modificada ou denegando na súa totalidade a solicitude de modelo de utilidade cando concorra algún dos motivos de oposición sinalados no artigo 144.1 da lei.

4. No caso de que non se presentasen oposicións ou que todas elas se inadmitisen ou desestimásen, a Oficina Española de Patentes e Marcas concederá o modelo de utilidade.

5. A denegación ou concesión da solicitude de modelo de utilidade notificaráselles ao titular e aos poñentes, con indicación dos motivos, e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» unha mención relativa á resolución.

6. A publicación da resolución de denegación conterá os seguintes datos:

- a) O número da solicitude e de publicación.
- b) A data de presentación da solicitude.
- c) Os datos completos da prioridade ou prioridades reivindicadas.
- d) A clasificación internacional de patentes.
- e) O título da invención.
- f) A identificación do solicitante e do seu representante, de ser o caso.
- g) A identificación do inventor ou inventores, salvo que renunciase a ser mencionados como tales.
- h) A data de denegación.

7. A publicación da resolución de concesión mencionará:

- a) O número de solicitude e de publicación.
- b) A data de presentación da solicitude.
- c) Os datos completos da prioridade ou prioridades reivindicadas.
- d) A clasificación internacional de patentes.
- e) O título da invención.
- f) A identificación do solicitante e do seu representante, de ser o caso.
- g) A identificación do inventor ou inventores, salvo que renunciase a ser mencionados como tales.
- h) A data de publicación da solicitude
- i) Incluirá, de ser o caso, as modificacións introducidas nas súas reivindicacións.
- j) A data de concesión.
- k) A posta á disposición do público da documentación do modelo de utilidade.

8. A resolución de concesión ou denegación do modelo de utilidade poderá ser impugnada en alzada no prazo dun mes contado desde a publicación da resolución no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Non obstante, este prazo é susceptible de restablecemento de dereitos nas condicións e nos supostos previstos no artigo 53 da lei.

9. O recurso contra a concesión do modelo de utilidade só se poderá referir a aquelas cuestións que poidan ser resoltas pola Oficina Española de Patentes e Marcas durante o procedemento de rexistro.

10. O recurso fundado en motivos de denegación do modelo de utilidade non examinados de oficio pola Oficina Española de Patentes e Marcas só o poderá interpor quen fose parte nun procedemento de oposición contra a concesión do modelo de utilidade baseado nos ditos motivos, e dirixirse contra o acto resolutorio da oposición presentada. Para estes efectos, poderá entenderse desestimada a oposición se, transcorrido o prazo para resolvela e notificala, non se ditase resolución expresa.

11. No procedemento de recurso o titular da patente poderá modificar a solicitude con suxeición ao disposto no artigo 48 da Lei de patentes. Se como consecuencia dun recurso o modelo de utilidade queda modificado, publicarase esta circunstancia no correspondente anuncio no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», con inclusión das reivindicacións do modelo rexistrado e, de ser o caso, unha reprodución dos debuxos.

12. A resolución do recurso de alzada porá fin á vía administrativa.

CAPÍTULO II

Exercicio de accións

Artigo 63. *Petición de informe sobre o estado da técnica para o exercicio de accións xudiciais.*

1. A petición dun informe sobre o estado da técnica, para os efectos do disposto no artigo 148.3 da lei, implicará o pagamento da taxa correspondente. Se a Oficina Española de Patentes e Marcas detecta que a taxa non foi pagada ou se pagou de forma insuficiente, outorgará ao petionario un prazo de dez días para o seu aboamento e indicarlle que, de non o facer, se inadmitirá a petición.

2. Admitida a petición de informe, a Oficina Española de Patentes e Marcas elaborará o informe sobre o estado da técnica, que se achegará coa opinión escrita, preliminar e non vinculante, e dará traslado deles ao petionario.

3. Tanto a petición como o informe sobre o estado da técnica e a opinión escrita incorporaranse ao expediente de modelo de utilidade.

4. Á vista do informe, o solicitante do modelo de utilidade poderá presentar alegacións e, de ser o caso, modificar as reivindicacións, nos trámites permitidos no capítulo I do título IV do presente regulamento.

Á vista do informe, o titular poderá solicitar a limitación do modelo de utilidade nas condicións e cos requisitos previstos no artigo 105 e seguintes da lei e no artigo 41 e seguintes do presente regulamento.

TÍTULO IV

Disposicións comúns en materia de procedemento

CAPÍTULO I

Modificación e rectificación de erros

Artigo 64. *Modificacións da solicitude de patente ou da patente concedida.*

1. O solicitante ou titular da patente só poderá modificar as reivindicacións nos trámites dos procedementos previstos na lei e no presente regulamento. Ao modificar as reivindicacións, o solicitante ou titular poderá, para manter a coherencia, modificar a descrición e, de ser o caso, os debuxos ou as secuencias biolóxicas, nos termos previstos no artigo 48 da lei.

2. Cando o solicitante ou titular realice unha modificación, deberá presentar o conxunto completo de reivindicacións en substitución das reivindicacións presentadas anteriormente e, de ser o caso, da descrición, debuxos ou secuencias biolóxicas.

3. A modificación irá acompañada dun escrito en que o solicitante identifique as diferenzas entre as reivindicacións anteriores e as reivindicacións modificadas. Ademais, deberá indicar as razóns da modificación e o seu alcance.

4. As reivindicacións modificadas non poderán referirse a materia que non fose obxecto de busca ao non estar comprendida, formando un único concepto inventivo xeral, na invención ou grupo de invencións orixinalmente reivindicadas. Tampouco poderán referirse a materia que non fose obxecto de busca en virtude dos artigos 27 ou 28 do presente regulamento.

5. O solicitante poderá modificar as reivindicacións conforme o previsto no punto primeiro deste artigo, sen necesidade de contar co consentimento de quen teña dereitos inscritos sobre a súa solicitude no Rexistro de Patentes.

6. A designación do inventor ou inventores non poderá ser modificada sen o consentimento dos demais inventores designados na solicitude de patente, así como do solicitante ou titular da patente.

Artigo 65. *Rectificación de erros en documentos remitidos á Oficina Española de Patentes e Marcas.*

1. Os defectos de expresión ou de transcripción e os erros contidos en calquera documento remitido á Oficina Española de Patentes e Marcas poderán ser rectificadas por petición do solicitante ou titular.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, se a petición de rectificación ten por obxecto a descrición, as reivindicacións, os debuxos ou as secuencias biolóxicas, a rectificación deberá resultar de forma evidente de tal maneira que ningún outro texto máis que o texto rectificado podería ter sido proposto polo solicitante. Neste caso, a Oficina Española de Patentes e Marcas só tomará en consideración o contido da descrición, as reivindicacións, os debuxos ou as secuencias biolóxicas e, cando sexa aplicable, a corrección ou a modificación achegada polo solicitante.

3. No caso de erro en calquera outro documento da solicitude, a Oficina Española de Patentes e Marcas tomará en consideración o contido da solicitude propiamente dita, así como calquera outro documento incorporado ao expediente con anterioridade á petición de rectificación e, cando sexa aplicable, a corrección ou o documento corrixido achegado polo solicitante.

Artigo 66. *Rectificación de erros en resolucións emitidas pola Oficina Española de Patentes e Marcas.*

De conformidade co previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por petición de parte ou por iniciativa propia, a Oficina Española de Patentes e Marcas poderá rectificar, en calquera momento, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nas súas resolucións ou comunicacións, sempre que tal rectificación non afecte ou altere o sentido do acto.

Artigo 67. *Retirada da solicitude.*

1. A solicitude de patente poderá ser retirada polo solicitante en calquera momento antes de que a patente sexa concedida. A petición de retirada deberá presentarse ante a Oficina Española de Patentes e Marcas e deberá incluír:

- a) Unha indicación de que se solicita a retirada da solicitude da patente.
- b) A identidade do solicitante, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.
- c) No caso de que se designase representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.
- d) O número de solicitude da patente cuxa retirada se solicita.
- e) A sinatura do titular da solicitude de patente ou do seu representante.

2. Cando, consonte o previsto nos artigos 11.3 e 52.2 da lei, sexa preciso para aceptar a retirada que conste o consentimento do titular dalgún dereito inscrito sobre a solicitude de patente, deberase achegar coa petición unha declaración asinada polo dito titular do dereito ou polo seu representante en que se acepte a dita retirada.

3. A Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a solicitude de retirada cumpre os requisitos e condicións previstos na lei e neste regulamento. No suposto de existiren irregularidades, suspenderase a tramitación e estas notificaránselle ao interesado para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as conteste. Se no prazo establecido non se corríxen os defectos sinalados, denegarase a petición de retirada.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas comunicará ao solicitante a resolución de concesión ou denegación, con indicación dos motivos da retirada, e publicará un anuncio da resolución no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

CAPÍTULO II

Medidas en materia de prazosArtigo 68. *Réxime de prazos.*

1. Para o cómputo dos prazos previstos na lei e no presente regulamento, observarse o disposto no capítulo II do título II da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Malia isto, para o pagamento das anualidades que se devindiquen con posterioridade á publicación da concesión, o cómputo realizarase en meses naturais.

2. A presenza de defectos na documentación interromperá o procedemento desde que se notifique ao solicitante a súa existencia, mediante o correspondente suspenso na tramitación, até que estes defectos se corrixa ou finalice o prazo para iso; aplicarase o prazo que remate antes.

3. Os prazos máximos de resolución e notificación ou publicación de todos os procedementos previstos na lei e no presente regulamento serán os establecidos na orde ministerial de prazos máximos que se adopte en aplicación do disposto na disposición adicional segunda da lei.

4. O vencemento do prazo máximo de resolución para resolver unha solicitude de calquera procedemento tramitado ante a Oficina Española de Patentes e Marcas en aplicación da lei e do presente regulamento sen que se notificase resolución expresa lexitimar a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente. A desestimación presunta en ningún caso excluírá o deber de ditar resolución expresa, a cal se adoptará sen vinculación ningunha ao sentido do silencio.

Artigo 69. *Prórroga de prazos.*

1. Salvo o disposto no número 3 do presente artigo, a Oficina Española de Patentes e Marcas poderá prorrogar por dous meses os prazos establecidos na lei e no presente regulamento.

2. A prórroga dun prazo deberase solicitar por escrito antes do transcurso do prazo cuxa prórroga se solicita e a Oficina Española de Patentes e Marcas deberá resolver sobre ela dentro do dito prazo.

3. Non se poderán prorrogar aqueles prazos que afecten terceiros interesados e, en particular:

- a) A prórroga dun prazo xa prorrogado.
- b) O prazo para solicitar a prórroga ou para solicitar o restablecemento de dereitos.
- c) O prazo para aboar as anualidades.
- d) O prazo para reivindicar a prioridade, así como o prazo para a corrección, adición ou restablecemento do dereito de prioridade.
- e) O prazo para presentar unha oposición e para interpor recurso administrativo.
- f) O prazo para contestar unha comunicación da Oficina Española de Patentes e Marcas dentro dun procedemento contradictorio.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a solicitude de prórroga é admisible e resolverá concedendo ou denegando, con indicación dos motivos. A resolución comunicaráselle ao solicitante e publicarase un anuncio da resolución no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 70. *Solicitude de restablecemento de dereitos.*

1. A solicitude para o restablecemento dun dereito presentarase ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, aboando a taxa correspondente, e conterá os seguintes datos:

- a) A identidade do solicitante ou titular do dereito cuxo restablecemento se solicita, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.
- b) A identidade do representante, de ser o caso, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.
- c) Prazo ou trámite incumprido.
- d) Se procede, acordo e data da extinción do dereito e da súa publicación ou notificación.
- e) Data de cesamento do impedimento.
- f) Motivos do incumprimento, xustificación, probas e alegacións en apoio da pretensión.
- g) Sinatura do interesado ou do seu representante.

2. Coa solicitude de restablecemento do dereito deberá cumprirse o trámite omitido e achegarse, coa formalización do acto ou a solicitude, escrito ou documentación que se omitiu no seu día no dito trámite e cuxa ausencia determinou a perda do dereito.

Artigo 71. *Exame e resolución da solicitude.*

1. Examinarase se a solicitude de restablecemento de dereitos se presentou dentro do prazo prescrito no artigo 53.2 da lei e se o prazo incumprido é susceptible de restablecemento en virtude do previsto nos números 1 e 5 do artigo 53 da lei e no artigo 14.4 do presente regulamento. En caso contrario, resolverase inadmitindo a solicitude de restablecemento de dereitos.

2. Admitida a trámite, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a solicitude de restablecemento do dereito cumpre os requisitos previstos no artigo anterior e no artigo 53 da lei, e se o acto ou trámite omitido foi debidamente cumprido en todas as súas formalidades ao presentarse a solicitude de restablecemento.

3. Se se observa algunha irregularidade ou defecto na documentación presentada, comunicaráselle estes ao solicitante para que no prazo de dez días os emende ou presente as súas alegacións. Considerarase desistida a solicitude de restablecemento se as irregularidades ou defectos non son corrixidos en prazo.

4. Cando na documentación presentada non se observen irregularidades ou defectos, ou cando estes fosen corrixidos, examinarase se se acreditou a dilixencia debida nas circunstancias do caso.

5. Efectuado o exame citado anteriormente, resolverase estimando ou desestimando o restablecemento do dereito. Neste último caso, antes de desestimar o restablecemento de dereitos, concederáselle ao petionario un prazo adicional de dez días para que formule observacións.

6. A mención da resolución de restablecemento de dereitos publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

CAPÍTULO III

Do Rexistro de Patentes e información ao público

Artigo 72. *Datos inscribibles.*

1. O Rexistro de Patentes a que se refire o artigo 79 da lei levarase en forma de base de datos electrónica e estará aberto á consulta pública. Nel inscribiranse, cando proceda, as seguintes mencións referidas tanto ás solicitudes de patentes como ás patentes concedidas:

- a) O número de solicitude.
- b) A data de presentación da solicitude.
- c) O título da invención.
- d) Os símbolos da clasificación asignados.

- e) A identidade do solicitante ou do titular da patente, conforme o disposto no artigo 2.1.b) do presente regulamento.
- f) O nome do inventor designado polo solicitante ou polo titular da patente, sempre que o inventor non renunciase a ser designado como tal.
- g) A identidade do mandatario ou representante, salvo que sexa un empregado do solicitante; en tal caso, bastará coa indicación da identidade e o cargo na empresa do solicitante. Cando haxa varios representantes, bastará con que se inscriba o citado en primeiro lugar, seguido dos termos «e outros».
- h) As indicacións relativas á reivindicación de prioridade (data, Estado e número de depósito da solicitude anterior).
- i) As indicacións relativas á prioridade de exposición (data, Estado e número de exhibición).
- j) En caso de división da solicitude de patente, os números das solicitudes divisionais.
- k) A indicación, de ser o caso, de que se trata dunha solicitude divisional e a data de presentación e número da solicitude ou rexistro de que proceda.
- l) A data de publicación da solicitude e, no caso de non seren coincidentes, a data de publicación do informe sobre o estado da técnica ou da mención á publicación do informe de busca internacional.
- m) A indicación de que se trata dunha patente por transformación dunha solicitude de patente europea e os datos relativos a esta solicitude.
- n) A indicación de que se trata dunha entrada en fase nacional dunha solicitude internacional PCT e os datos relativos a esta solicitude.
- ñ) A data de presentación de observacións de terceiros.
- o) A data da resolución e da publicación da mención de resolución pola que a solicitude de patente ou a patente fose desistida, concedida, mantida de forma modificada, denegada, retirada ou se considere retirada, limitada ou revogada.
- p) Os datos relativos ás oposicións presentadas e á interposición e resolución de recursos administrativos e xurisdicionais.
- q) Os datos relativos ás limitacións ou revogacións da patente.
- r) Os datos relativos ás solicitudes e resolucións de restablecementos de dereitos.
- s) Os datos relativos á subscripción dun convenio arbitral, ao laudo que se dite e, de ser o caso, aos recursos interpostos contra este, e ás resolucións adoptadas en relación con eles.
- t) A data da resolución de caducidade da patente, a causa e a data de produción de efectos.
- u) Os pagamentos realizados.

2. Ademais das inscricións a que se refiren as alíneas anteriores, no Rexistro de Patentes anotaranse, indicando sempre a data de inscrición:

- a) Os cambios do nome, enderezo ou nacionalidade do solicitante ou do titular da patente, ou do Estado en que teña o seu domicilio, sede ou establecemento.
- b) Os cambios do nome ou do enderezo profesional do representante, salvo cando se trate do representante a que se refire artigo 56.3 do Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, aprobado polo Real decreto 687/2002, do 12 de xullo.
- c) En caso de que se designe un novo representante, a súa identidade, conforme o disposto no artigo 2.2.a) do presente regulamento.
- d) As solicitudes de cesión da solicitude ou da patente, e a data de denegación ou concesión da inscrición de cambio de titularidade.
- e) A constitución, modificación ou cesión dun dereito real e a data da denegación ou concesión da inscrición. No caso dunha hipoteca mobiliaria, anotarase a data da súa inscrición no rexistro de bens móbiles.
- f) As medidas de execución forzosa e os procedementos de insolvencia.
- g) As solicitudes de inscrición, modificación ou cesión de licenzas e a data de denegación ou concesión da súa inscrición.

h) O ofrecemento de licenza de pleno dereito, así como calquera solicitude de licenza de pleno dereito.

i) O sometemento da patente ao réxime de licenzas obrigatorias, así como calquera solicitude de licenza obrigatoria e a data da súa denegación ou concesión.

j) As solicitudes de cancelación das inscricións mencionadas nas alíneas e) a i), e a data de inscrición da súa cancelación.

k) As anotacións preventivas, as interposicións de demanda, as interposicións de demanda no exercicio de accións reivindicatorias e de nulidade (directa ou por reconvenção), as solicitudes de limitación da patente con carácter principal ou subsidiario no seo dun proceso sobre a súa validez, calquera outra medida cautelar, as sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes que poñan fin a tales procedementos, así como calquera outra prevista na Lei de patentes ou noutras leis aplicables.

l) As anotacións rexistrais que procedan de acordos de mediación formalizados ou homologados xudicialmente.

3. No Rexistro de Patentes tamén se inscribirán, de maneira análoga ao sinalado no presente capítulo, os datos relativos ás solicitudes de modelos de utilidade e aos modelos de utilidade concedidos.

4. Así mesmo, inscribíranse de maneira análoga ao sinalado no presente capítulo os datos relativos ás solicitudes de certificados complementarios de protección e aos certificados complementarios de protección concedidos, así como ás súas prórrogas.

Artigo 73. *Outros datos inscribíbles.*

1. As decisións xudiciais relativas á solicitude de patente ou á patente serán inscritas logo de comunicación do xuíz ou tribunal competente ou por instancia da parte interesada.

2. Mediante resolución motivada do director da Oficina Española de Patentes e Marcas poderase dispor a inscrición no Rexistro de Patentes doutras mencións non previstas no artigo anterior.

Artigo 74. *Publicidade rexistral.*

O Rexistro de Patentes é público. A publicidade farase efectiva mediante consulta á base de datos, obtención de listados informáticos ou certificación expedida polo funcionario competente. A Oficina Española de Patentes e Marcas facilitará, con carácter gratuíto, a consulta pública da base de datos mediante a súa posta á disposición pública en redes de comunicación telemática.

Artigo 75. *Certificacións.*

1. A certificación será o único medio de acreditar fidedignamente o contido das inscricións rexistrais.

2. A certificación poderá solicitala o interesado mediante a presentación, ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, dunha solicitude en que se indicarán os particulares sobre os que aquela debe versar. Cando se solicite unha certificación xeral sobre as inscricións rexistrais ou a situación de expedientes de patentes, de certificados complementarios de protección ou das súas prórrogas ou de modelos de utilidade, esta poderá consistir no correspondente extracto informático da base de datos, certificado polo funcionario competente. A solicitude de certificación implicará o pagamento da taxa correspondente.

Artigo 76. *Consulta pública de expedientes.*

1. A consulta pública de expedientes a que se refiren o artigo 55 e a disposición adicional quinta da lei efectuarase sobre os documentos orixinais ou copias destes. Cando os expedientes se conserven mediante soportes electrónicos de almacenamento, a consulta pública efectuarase sobre estes medios electrónicos. A Oficina Española de

Patentes e Marcas establecerá a forma de levar a termo a consulta. A solicitude de consulta pública implicará o pagamento da taxa correspondente.

2. Para efectos da consulta a que se refire o artigo 55.2 da lei, o interesado, ademais do establecido neste artigo, deberá achegar as probas que evidencien que o solicitante do expediente cuxa consulta se solicita pretendeu facer valer fronte a el os dereitos derivados do dito expediente. A Oficina Española de Patentes e Marcas admitirá a consulta referida neste punto se considera suficiente a evidencia achegada polo interesado.

3. Quedarán tamén excluídos da consulta pública:

a) Os proxectos de acordos e de informes, así como calquera documento destinado á preparación de acordos e informes, que non fosen comunicados ás partes.

b) As comunicacións entre órganos da Administración de idéntica consecuencia.

c) A documentación concernente á designación do inventor, se este renunciou ao seu dereito persoal de mención na patente.

d) As partes ou documentos do expediente cuxa confidencialidade fose solicitada polo interesado con carácter previo á petición de consulta, tal como establece o número 5 da disposición adicional quinta da lei.

4. Logo de solicitude, a consulta pública realizarase mediante a expedición de copias dos documentos do expediente. Para obter tales copias deberá pagarse a taxa correspondente.

5. O acceso á materia biolóxica depositada conforme o artigo 27 da lei levarase a cabo nas condicións e formas previstas nos artigos 56 da lei e 5 e 6 do presente regulamento.

TÍTULO V

Inscripción das cesións, licenzas e outras modificacións de dereitos e dos ofrecementos de licenzas de pleno dereito

CAPÍTULO I

Inscripción das cesións, licenzas e outras modificacións de dereitos

Artigo 77. Contido da solicitude de inscrición de cesións.

1. A petición para inscribir a cesión dunha patente ou da súa solicitude deberá presentarse mediante instancia, no modelo oficial. A presentación da solicitude de inscrición estará suxeita ao pagamento da taxa correspondente e deberá incluír:

a) A identidade do solicitante ou titular do dereito que se transmite, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.

b) A identidade do novo solicitante ou titular, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.

c) Cando o solicitante da inscrición actúe por medio de representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.

d) Indicación do documento ou acto acreditativo da cesión.

e) Número de solicitude da patente que se transmite.

f) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

2. Se o cambio da titularidade resulta dun contrato, a solicitude de inscrición deberá presentarse xunto con algún dos documentos seguintes:

a) Copia auténtica do contrato ou ben copia simple con lexitimación de sinaturas efectuada ante notario ou outra autoridade pública competente.

b) Extracto do contrato en que conste por testemuño notarial ou doutra autoridade pública competente que o extracto é conforme co contrato orixinal.

c) Certificado ou documento de transferencia asinado tanto polo titular como polo novo propietario, consistentes nos modelos oficiais.

3. Se o cambio na titularidade se produce por unha fusión, reorganización ou división dunha persoa xurídica, por imperativo legal, por resolución administrativa ou por decisión xudicial, coa solicitude de inscrición deberase achegar testemuño emanado da autoridade pública que emita o documento, ou ben copia do documento que probe o cambio, autenticada ou lexitimada por notario ou por outra autoridade pública competente. Non obstante, para a inscrición de embargos, concursos e demais medidas xudiciais bastará o oportuno mandamento emitido para o efecto polo xuíz ou tribunal que as ditase ou polo órgano administrativo competente. A petición de inscrición das cesións previstas neste punto rexerá, no que sexa aplicable, polo establecido polo número 1 deste artigo.

4. A solicitude de inscrición da cesión poderá comprender varias patentes e solicitudes de patente, coa condición de que o titular rexistral actual e o novo titular sexan os mesmos para cada unha das patentes ou solicitudes afectadas. Deberase aboar a taxa correspondente por cada unha delas.

Artigo 78. Contido da solicitude de inscrición de cambios de nome ou enderezo do interesado ou do representante.

1. Cando non haxa cambio na persoa do solicitante ou titular da patente, pero si no seu nome ou enderezo, inscribírase tal cambio no Rexistro de Patentes por solicitude do interesado.

2. A solicitude de inscrición de cambio de nome ou enderezo que, de ser o caso, estará suxeita ao pagamento da taxa correspondente, deberá incluír:

- a) O número da solicitude ou da patente afectada.
- b) A identidade do solicitante ou titular da patente, tal como figuren no Rexistro de Patentes.
- c) A indicación do novo nome ou enderezo do solicitante ou titular da patente, tal como se teña que inscribir no Rexistro de Patentes tras o cambio producido, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.
- d) Se se designase representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.
- e) A sinatura do interesado ou do seu representante.

3. Poderanse agrupar nunha única solicitude de cambio de nome ou enderezo todas as solicitudes ou patentes que pertencen ao interesado. Neste caso, deberánse indicar os números de todas as solicitudes ou patentes afectadas e aboarse a taxa correspondente por cada un deles.

4. Cando a Oficina Española de Patentes e Marcas dubide, razoablemente, da veracidade do cambio de nome ou enderezo solicitados, poderá pedir ao interesado a presentación das probas que acrediten tal cambio.

5. Os números anteriores serán de aplicación ao cambio de nome ou enderezo do representante e, conforme a súa propia natureza, tamén aos cambios de nacionalidade do solicitante ou titular do dereito ou do Estado en que teña o seu domicilio, sede ou establecemento.

Artigo 79. Contido da solicitude de inscrición de licenzas.

1. A petición de inscrición dunha licenza de patente ou da súa solicitude presentarase mediante instancia, no modelo oficial.

2. A solicitude, que estará suxeita ao pagamento da taxa correspondente, deberá incluír as mencións contidas no artigo 77.1 deste regulamento e presentarse xunto con algún dos documentos citados nos números 2 e 3 do dito artigo, referidos ao contrato de licenza e ao outorgante e ao titular da licenza.

3. Cando o documento acreditativo da licenza sexa algún dos previstos no artigo 77.2 c) do presente regulamento, estes documentos consistirán nos modelos oficiais.

4. Na solicitude de inscrición da licenza deberase indicar se é exclusiva ou non, así como as eventuais limitacións do contrato en canto á súa duración, modalidade de explotación, ámbito territorial ou aplicacións. Tamén se indicará se o licenciario pode cedela ou conceder sublicenzas. No caso de que na solicitude de inscrición non se indique algún dos aspectos mencionados, a licenza inscribírase conforme as presuncións legais establecidas no artigo 83 da lei.

5. A petición de inscrición da licenza poderá comprender varias solicitudes ou patentes coa condición de que o licenciante e o licenciario sexan os mesmos para cada unha das solicitudes ou patentes afectadas e aboer a taxa correspondente por cada un deles.

Artigo 80. *Contido da solicitude de inscrición doutros negocios xurídicos.*

1. A solicitude de inscrición doutros actos ou negocios xurídicos inscribíbles consonte o establecido nos artigos 79.2 e 82.1 da lei, salvo a hipoteca mobiliaria, que se rexerá polas súas disposicións específicas, axustarase aos requisitos e condicións previstos no artigo 77 deste regulamento debidamente adecuados á natureza do acto ou dereito que se vaia inscribir. A solicitude de inscrición de opcións de compra ou constitución de dereitos reais deberá, ademais, achegarse cun documento acreditativo, conforme o previsto nas alíneas a) ou b) do artigo 77.2 deste regulamento.

2. No suposto de inscrición de concurso de acredores, embargos ou outras medidas de execución forzosa, a solicitude de inscrición no Rexistro de Patentes, presentada pola autoridade competente, non estará suxeita ao pagamento de taxas. En particular, de existir un concurso de acredores inscrito na Oficina, quedará suspendida calquera actuación que tenda á extinción do dereito afectado até que non se reciba a correspondente autorización xudicial. Recibida a autorización xudicial, abrirase un prazo de dous meses para a regularización do dereito afectado.

Artigo 81. *Contido da solicitude de cancelación ou modificación da inscrición de cesións, cambios de nome ou enderezo, licenzas e outros negocios xurídicos.*

1. A inscrición de cesións, de cambios de nome ou enderezo, de licenzas e dos negocios xurídicos a que se refire o artigo 80 deste regulamento cancelárase ou modificarase por petición dunha das partes, mediante modelo oficial.

2. A solicitude de cancelación ou modificación conterá as seguintes indicacións:

a) A identidade do solicitante, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do regulamento.

b) Se se designase representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.

c) Número do expediente que se pretende cancelar ou modificar.

d) Número da solicitude ou patente afectada polo dereito que se vai cancelar ou modificar, en caso de cancelación ou modificación parcial.

e) Indicación do dereito cuxa cancelación ou modificación se solicita.

f) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

3. O disposto nos números 2 e 3 do artigo 77 do presente regulamento será de aplicación, conforme a súa propia natureza, á solicitude de cancelación ou modificación prevista neste artigo.

Artigo 82. *Procedemento de inscrición de cesións, cambios de nome ou enderezo, licenzas e outros negocios xurídicos, así como da súa cancelación ou modificación.*

1. A inscrición de cesións, de cambios de nome ou enderezo, de licenzas e dos negocios xurídicos a que se refire o artigo 80 deste regulamento poderá solicitála calquera

das partes. A Oficina Española de Patentes e Marcas numerará e datará a solicitude e expedirá o correspondente recibo acreditativo da presentación, que poderá consistir nunha copia da solicitude presentada, en que se fará constar o número, o lugar, a data e a hora de presentación.

2. Recibida a solicitude, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a documentación presentada cumpre os requisitos establecidos nos artigos 77 ao 80 do regulamento. Se do exame efectuado resulta algunha irregularidade ou defecto, suspenderase a tramitación, notificando as obxeccións observadas ao solicitante para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as corrixa ou presente as súas alegacións. Transcorrido este prazo, resolverase sobre a solicitude de inscrición.

3. Cando a Oficina Española de Patentes e Marcas poida dudar razoablemente da veracidade de calquera indicación contida na solicitude de inscrición ou nos documentos que a acompañen, poderá exixir ao solicitante a achega de probas que acrediten a veracidade desas indicacións. Na comunicación deberanse indicar as razóns polas cales dubida da veracidade da dita información.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas non inscribirá cesións a favor de persoas físicas ou xurídicas que, conforme o disposto no artigo 3 da lei ou nas normas civís ou mercantís, non poidan ser titulares delas.

5. A Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá concedendo ou denegando, total ou parcialmente, a solicitude de inscrición. No caso de denegación indícaranse os seus motivos. A resolución ditada publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

6. Os números anteriores serán de aplicación ás solicitudes de cancelación ou modificación previstas no artigo 81 do presente regulamento.

7. No suposto de que se constituía unha hipoteca mobiliaria, esta rexerese polas súas disposicións específicas e inscribírase na sección cuarta do Rexistro de Bens Móbiles con notificación da dita inscrición ao Rexistro de Patentes para a súa inscrición nel. Para estes efectos, ambos os rexistros estarán coordinados para comunicarse telematicamente os gravames inscritos ou anotados neles. Para os efectos dunha adecuada coordinación, a Oficina Española de Patentes e Marcas e a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderán subscribir un acordo en que se fixarán as condicións e especificacións técnicas de comunicación telemática.

CAPÍTULO II

Inscrición de ofrecementos de licenzas de pleno dereito

Artigo 83. *Solicitude de inscrición de ofrecemento de licenza de pleno dereito.*

1. O titular que, en virtude do artigo 88 da lei, desexe autorizar a utilización da invención obxecto da súa patente a calquera interesado en calidade de licenciario deberá presentar unha instancia ante a Oficina Española de Patentes e Marcas. A solicitude implicará o pagamento da taxa correspondente.

2. A solicitude de inscrición de ofrecemento de licenza de pleno dereito deberá incluír:

- a) A identidade do titular da patente.
- b) Cando o titular actúe por medio de representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.
- c) Número de solicitude de patente en relación coa cal realiza o ofrecemento.
- d) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

3. Recibida a solicitude, se do exame efectuado resulta algunha irregularidade ou defecto, suspenderase a tramitación e notificaránselle as obxeccións observadas ao titular da patente para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso

no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as corrixa ou presente as súas alegacións. Transcorrido este prazo, resolverase a solicitude de inscrición.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá concedendo ou denegando a solicitude de inscrición. No caso de denegación indícaranse os seus motivos. A resolución ditada publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 84. Retirada do ofrecemento de licenza de pleno dereito.

1. O titular da patente que desexe retirar o seu ofrecemento de licenza de pleno dereito deberá presentar unha instancia ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, que deberá incluír:

- a) A identidade do titular da patente.
- b) Cando o titular actúe por medio de representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.
- c) Número de solicitude de patente en relación coa cal desexa retirar o ofrecemento.
- d) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

2. Recibida a solicitude, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a documentación presentada cumpre os requisitos establecidos no punto anterior e, en particular, se se presentou unha solicitude de utilización de invención suxeita ao réxime de licenza de pleno dereito. Se do exame efectuado resulta algunha irregularidade ou defecto, suspenderase a tramitación e notificaranse as obxeccións observadas ao titular da patente para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as corrixa ou presente as súas alegacións. Transcorrido este prazo, resolverase a solicitude de retirada do ofrecemento, concedendo ou denegando a solicitude de inscrición de retirada. No caso de denegación, indícaranse os seus motivos. A resolución ditada publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

3. A publicación da concesión da inscrición de retirada do ofrecemento de licenza de pleno dereito abrirá o prazo previsto no artigo 88.3 da lei, para o aboamento das reducións das anualidades.

Artigo 85. Solicitude para a obtención dunha licenza de pleno dereito.

1. O interesado que, en calidade de licenciario, desexe explotar a invención que fose obxecto dun ofrecemento de licenza de pleno dereito, deberá presentar unha instancia ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, que deberá incluír:

- a) A identidade do solicitante da licenza, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.
- b) Cando o interesado actúe por medio de representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.
- c) Número de solicitude da patente en relación coa cal solicita a licenza de pleno dereito.
- d) Indicación da utilización que se vai facer da invención.
- e) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

2. Recibida a solicitude, cando do exame efectuado resulte algunha irregularidade ou defecto, suspenderase a tramitación e notifícaráselle as obxeccións observadas ao solicitante para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as corrixa ou presente as súas alegacións. Transcorrido este prazo, resolverase a solicitude de obtención de licenza de pleno dereito.

3. Se a Oficina Española de Patentes e Marcas xulga que non existe ningún impedimento, comunicará a solicitude de obtención da licenza de pleno dereito ao titular da patente e ao solicitante da autorización, indicando que, transcorrido o prazo dun mes desde a recepción da comunicación, o solicitante está autorizado a utilizar a invención no modo indicado na solicitude.

4. Se no prazo dun mes indicado no número anterior, as partes non alcanzan un acordo sobre a compensación que debería pagar o licenciario, calquera delas poderá solicitar á Oficina Española de Patentes e Marcas que fixe o importe adecuado da dita compensación. A solicitude presentarase ante a Oficina Española de Patentes e Marcas e implicará o pagamento da taxa correspondente. A Oficina Española de Patentes e Marcas, antes de resolver, oírá previamente ambas as partes e poderá dirixirse á institución que considere máis conveniente, dadas as circunstancias do caso, para solicitar a designación do experto que a asesore na determinación da compensación que debería pagar o licenciario. A resolución comunicaráselles ás partes.

5. No caso de que acaecesen ou coñecese feitos que fixesen aparecer como manifestamente inadecuado o importe establecido, calquera das partes poderá solicitar á Oficina Española de Patentes e Marcas que o modifique. A solicitude presentarase ante a Oficina Española de Patentes e Marcas e implicará o pagamento da taxa correspondente. A Oficina Española de Patentes e Marcas, antes de resolver, oírá previamente ambas as partes e poderá dirixirse á institución que considere máis conveniente, dadas as circunstancias do caso, para solicitar a designación do experto que a asesore na determinación da compensación que debería pagar o licenciario. A resolución comunicaráselles ás partes.

TÍTULO VI

Licenzas obrigatorias

Artigo 86. *Solicitude de licenza obrigatoria.*

1. Calquera persoa que, en virtude do artigo 92 da lei ou o titular dunha patente posterior que, en virtude do artigo 93 da lei, desexe solicitar unha licenza obrigatoria, deberá presentar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas unha solicitude no modelo oficial. A solicitude estará suxeita ao pagamento da taxa correspondente e deberá conter:

- a) A identidade do solicitante, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.
- b) Cando o interesado actúe por medio de representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.
- c) O número de solicitude da patente a que se refire a solicitude de licenza obrigatoria, así como a identificación do titular da patente.
- d) Probas sobre as circunstancias que concorran no caso e que poderían xustificar a concesión de licenzas obrigatorias.
- e) A proba que acredite o intento previo de obtención de licenza contractual, salvo nos casos previstos no artigo 97.2 da lei.
- f) A finalidade e o ámbito da licenza que se pretenda obter e as razóns en que se apoie esa pretensión.
- g) Os datos que permitan xulgar que o solicitante conta con medios para levar a cabo unha explotación real e efectiva da invención patentada e de que ofrezca as garantías que razoablemente poida exixir o titular da patente para conceder unha licenza.
- h) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

2. Se, en aplicación do disposto nos artigos 94 e 95 da lei, se decreta o sometemento dunha patente ao réxime de licenzas obrigatorias, a Oficina Española de Patentes e Marcas publicará unha mención no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». A partir dese momento, calquera persoa que desexe solicitar unha licenza obrigatoria deberá presentar unha solicitude segundo os requisitos establecidos no punto anterior.

3. Recibida a solicitude, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a documentación presentada cumpre os requisitos establecidos nos números anteriores. Se do exame efectuado resulta algunha irregularidade ou defecto, suspenderase a tramitación e notificaráselle as obxeccións observadas ao solicitante da licenza obrigatoria para que,

no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as corrixas ou presente as súas alegacións. En caso contrario, denegarase a concesión da licenza obrigatoria. A resolución de denegación comunicaráselles a ambas as partes e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 87. Procedemento de tramitación.

1. Se do exame non resultan defectos na solicitude de licenza obrigatoria ou tales defectos foron debidamente emendados, a Oficina Española de Patentes e Marcas dará traslado ao titular da patente da solicitude de licenza obrigatoria cos documentos que a acompañen para que, no prazo máximo dun mes contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», realice as alegacións que considere oportunas e, de ser o caso, presente as probas necesarias en apoio das súas alegacións.

2. Se o titular da patente non contesta dentro do prazo prescrito, a Oficina Española de Patentes e Marcas concederá a licenza obrigatoria. Se o titular da patente contesta, a Oficina Española de Patentes e Marcas valorará as alegacións e probas presentadas por ambas as partes.

3. Por petición de ambas as partes, a Oficina Española de Patentes e Marcas poderá suspender por unha soa vez a tramitación do expediente polo prazo que considere oportuno á vista das circunstancias do caso. Este prazo non poderá exceder os seis meses.

4. Cando a Oficina Española de Patentes e Marcas considere que se dan as circunstancias que xustifican a concesión da licenza obrigatoria e así o publique no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», procederá segundo o disposto nos números 2 ao 4 do artigo 99 da lei. En caso contrario, denegarase a concesión da licenza obrigatoria.

5. A Oficina Española de Patentes e Marcas dirixirase á institución que considere máis conveniente, dadas as circunstancias do caso, para solicitar a designación do experto que deba ser nomeado en virtude do número 2 do artigo 99 da lei.

6. A resolución que outorgue a licenza obrigatoria deberá determinar o contido desta. En particular, deberá fixar o ámbito da licenza, o canon, a duración, as garantías que deba prestar o licenciario, o momento a partir do cal deberá iniciar a explotación e calquera outra cláusula que asegure que explotará dunha maneira seria e efectiva a invención patentada. Así mesmo, a resolución determinará os gastos que deban ser sufragados por cada parte, que serán os causados por instancia súa. Poderase impor o pagamento de todos os gastos a unha das partes cando se declare que actuou con temeridade ou mala fe. Os gastos comúns serán pagados por metade.

7. Tanto a resolución que outorgue a licenza como a que a denegue comunicaranse a ambas as partes e publicaranse no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 88. Licenzas obrigatorias para a fabricación de medicamentos destinados a países con problemas de saúde pública.

A solicitude e o procedemento de tramitación no suposto de licenzas obrigatorias para a fabricación de medicamentos destinados a países con problemas de saúde pública previstas no artigo 96 da lei rexeranse polo disposto no Regulamento (CE) n.º 816/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2006, sobre a concesión de licenzas obrigatorias sobre patentes relativas á fabricación de produtos farmacéuticos destinados á exportación a países con problemas de saúde pública.

TÍTULO VII

Caducidade da patente

CAPÍTULO I

Por falta ou insuficiencia da explotación da patente

Artigo 89. *Caducidade por falta ou insuficiencia de explotación do artigo 108.1.d) da lei.*

1. A instrución do expediente administrativo de caducidade previsto no artigo 108.1.d) e 4 da lei poderá ser iniciada de oficio ou por petición de parte interesada.

2. O escrito de petición de caducidade notificaráselles ao titular da patente e aos licenciarios de todas as licenzas obrigatorias inscritas ou en trámite de inscrición para que, no prazo de dous meses contado desde a notificación, presenten as alegacións oportunas.

3. Transcorrido o prazo indicado no número anterior, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá, tomando en consideración o contido da licenza concedida conforme o artigo 99 da lei, especialmente en canto ao ámbito da licenza e outras cláusulas pertinentes relativas á explotación ou demora de comezo da explotación, conforme o previsto nas alíneas 4 e 7 do citado artigo.

4. Non poderá acordarse a caducidade da patente se, pasados dous anos desde a concesión da primeira licenza obrigatoria, a invención está sendo explotada ou se, non existindo explotación, existen solicitudes de licenza obrigatoria en tramitación conforme o artigo 98 da lei ou outras licenzas obrigatorias concedidas. En tal caso, cancelaranse todas as licenzas obrigatorias concedidas non explotadas nos dous anos seguintes á súa concesión. Para os efectos do artigo 108.1.d) da lei, unha licenza obrigatoria que fose cancelada non terá a consideración de primeira licenza obrigatoria concedida, excepto no caso de que se cancelasen todas as licenzas obrigatorias concedidas e non existan solicitudes de licenza obrigatoria pendentes.

Artigo 90. *Caducidade por falta ou insuficiencia de explotación do artigo 108.1.e) da lei.*

1. A caducidade prevista no artigo 108.1.e) da lei deberá declararse logo de instrución do correspondente expediente, iniciado de oficio ou por instancia de parte interesada.

2. Darase traslado ao titular da patente do escrito de petición de caducidade para que, no prazo de dous meses contado desde a notificación, poida presentar alegacións e probas que xustifiquen as circunstancias que condicionen a explotación.

3. Transcorrido o prazo indicado no número anterior, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá.

Artigo 91. *Resolución.*

1. Se a Oficina Española de Patentes e Marcas declara a caducidade da patente por falta ou insuficiencia de explotación, segundo o artigo 108.1.d) ou 108.1.e) da lei, notificaráselle ao titular e, de ser o caso, ao licenciario obrigatorio, así como a calquera titular dalgún dereito inscrito sobre a patente, e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

2. Se a Oficina Española de Patentes e Marcas cancelase unha licenza obrigatoria non explotada de acordo co artigo 89.4 do presente regulamento, esta resolución notificaráselles tanto ao titular da patente como ao licenciario da licenza obrigatoria cancelada, así como a calquera titular dalgún dereito inscrito sobre a patente, e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

CAPÍTULO II

Por renuncia do titular

Artigo 92. *Renuncia total ou parcial da patente.*

1. A solicitude de renuncia da patente consonte o disposto no artigo 110 da lei deberá presentarse ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, que deberá incluír:

- a) Unha indicación de que se solicita a renuncia parcial ou total da patente.
- b) A identidade do titular da patente, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.
- c) No caso de que se designase representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.
- d) O número de solicitude da patente cuxa renuncia se solicita.
- e) No suposto de que se solicite a renuncia parcial, indicación das reivindicacións ás cales renuncia.
- f) Sinatura do titular da patente ou do seu representante.

2. Cando, consonte o previsto no número 4 do artigo 110 da lei, sexa preciso para aceptar a renuncia que conste o consentimento do titular dalgún dereito inscrito sobre a patente ou, de ser o caso, do demandante dunha acción reivindicatoria ou de nulidade sobre a patente, bastará con xuntar á solicitude unha declaración asinada polo dito titular do dereito ou do demandante, ou polo seu representante, en que acepte a dita renuncia.

3. A Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a solicitude de renuncia cumpre os requisitos e condicións previstos na lei e neste regulamento. En particular, no suposto de que se solicite unha renuncia parcial, comprobarase que tal renuncia non supón unha ampliación do obxecto da patente. No suposto de que existan irregularidades, suspenderase a tramitación e notificaránselle estas ao titular para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as conteste. Se no prazo establecido non se corríxen os defectos sinalados, denegarase a inscrición da renuncia solicitada.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas publicará no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» o acordo de aceptación da renuncia. En caso de renuncia total caducarase a patente de acordo co artigo 108.1.b) da lei. En caso de renuncia parcial, especificarase as reivindicacións que fosen obxecto da renuncia e aquelas para as cales quedase subsistente a patente. Neste último suposto, se o titular da patente achegase un novo texto adecuando as reivindicacións, publicarase, logo de pagamento da taxa correspondente, un novo folleto que incluírá as indicacións citadas no artigo 39.9 do presente regulamento, substituíndo as referencias ao mantemento da concesión de forma modificada por unha indicación de renuncia parcial.

TÍTULO VIII

Aplicación dos convenios internacionais

CAPÍTULO I

Aplicación do Convenio sobre a concesión de patentes europeas

Artigo 93. *Presentación de solicitudes de patente europea que non reivindiquen prioridade dun depósito anterior en España.*

1. Coas solicitudes de patente europea que se presenten ante a Oficina Española de Patentes e Marcas e que non reivindiquen a prioridade dun depósito anterior en España e estean redactadas nun idioma distinto ao español deberase achegar unha tradución para o español, ao menos, do título e do resumo. No suposto de que non se achegase esta

tradución, requirirase o solicitante para que, no prazo dun mes contado desde a publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», achegue a tradución.

2. Se, en aplicación do previsto no artigo 34 e no título XI da lei, a Oficina Española de Patentes e Marcas considera que a invención obxecto da solicitude de patente europea pode ser de interese para a defensa nacional, requirirá o solicitante para que, no prazo dun mes, presente unha tradución para o español da descrición e das reivindicacións e unha copia dos debuxos, de ser o caso, mesmo cando non conteña expresións que deban traducirse.

3. Unha vez recibida a documentación, remitirase ao Ministerio de Defensa para que, o antes posible dentro do prazo para a transmisión das solicitudes de patentes europeas á Oficina Europea de Patentes prescrito na regra 37.1.b) do Regulamento de execución do Convenio sobre a concesión de patentes europeas (feito en Múnic o 5 de outubro de 1973), emita informe motivado sobre se o obxecto da solicitude de patente europea pode ser de interese para a defensa nacional.

4. No caso de que o Ministerio de Defensa considere que a invención é de interese para a defensa nacional, requirirá a Oficina Española de Patentes e Marcas para que decrete a súa tramitación secreta e efectúe a correspondente notificación ao solicitante. Así mesmo, antes do transcurso do prazo prescrito indicado no parágrafo anterior, a Oficina Española de Patentes e Marcas comunicará á Oficina Europea de Patentes que non transmitirá a solicitude de patente europea.

Artigo 94. Procedemento para a protección provisional da solicitude de patente europea publicada.

1. Para obter a protección provisional a que se refire o artigo 154 da lei, o solicitante da patente europea deberá pedilo ante a Oficina Española de Patentes e Marcas. Esta solicitude implicará o pagamento da taxa correspondente.

2. A solicitude de protección provisional deberá incluír:

a) A identidade do solicitante de patente europea, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.

b) Cando o solicitante actúe por medio de representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.

c) O número de solicitude ou de publicación de patente europea cuxa protección provisional se solicita.

d) O título da invención a que se refire a solicitude de patente europea, traducido para o español.

e) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

3. A solicitude irá acompañada da tradución para o español das reivindicacións, así como dunha copia dos debuxos, de ser o caso, e dunha tradución das expresións que conteñan. En canto aos requisitos formais das reivindicacións traducidas, serán os previstos no anexo do presente regulamento.

4. Recibida a solicitude, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a documentación presentada cumpre os requisitos establecidos nos números anteriores. Se do exame efectuado resulta algunha irregularidade ou defecto, suspenderase a tramitación e notificaránselle as obxeccións observadas ao solicitante para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as corrixa ou presente as súas alegacións. Transcorrido este prazo, resolverase a solicitude.

5. No prazo dun mes a partir da data de remisión da tradución ou da emenda dos defectos, publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» un anuncio en que se conceda ou denegue a protección provisional. Así mesmo, de ser o caso, editarase un folleto coas reivindicacións e debuxos, se os houber.

Artigo 95. *Procedemento para a protección definitiva da patente europea.*

1. En virtude do disposto no artigo 155 da lei e no prazo previsto no seu punto segundo, o titular dunha patente europea que desexe obter a protección definitiva en España deberá presentar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas a tradución da patente europea tal como fose concedida. A solicitude de protección definitiva implicará o pagamento da taxa correspondente.

2. A solicitude de protección definitiva deberá incluír:

a) A identidade do titular da patente europea, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.

b) Cando o titular actúe por medio de representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.

c) O número de solicitude ou de publicación da patente europea cuxa protección definitiva solicita.

d) O título da invención a que se refire a patente europea, traducido ao español.

e) Sinatura do titular ou do seu representante.

3. Coa solicitude xuntarase a tradución ao español do folleto completo da patente europea tal como fose concedida, modificada ou limitada pola Oficina Europea de Patentes. En canto aos requisitos formais do folleto traducido (descrición, reivindicacións, debuxos e secuencias biolóxicas, de ser o caso), serán os previstos no anexo do presente regulamento.

4. Recibida a solicitude, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a documentación presentada cumpre os requisitos establecidos nos números anteriores. Se do exame efectuado resulta algunha irregularidade ou defecto, suspenderase a tramitación e notificaránselle as obxeccións observadas ao titular para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as corrixa ou presente as súas alegacións. Transcorrido este prazo, resolverase a solicitude.

5. No prazo dun mes a partir da data de remisión da tradución ou da emenda dos defectos, publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» un anuncio en que se conceda ou denegue a protección definitiva. De ser o caso, editarase un folleto nas mesmas condicións e co mesmo contido que para as patentes nacionais, con excepción do resumo.

Artigo 96. *Revisión da tradución.*

1. O solicitante ou o titular dunha patente europea poderá, en calquera momento e durante a vida legal da patente, revisar a tradución achegada con anterioridade á Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. O procedemento para solicitar a publicación da revisión da tradución será o previsto nos artigos anteriores e estará suxeito ao pagamento da taxa correspondente.

Artigo 97. *Corrección de folletos pola Oficina Europea de Patentes.*

Para aqueles folletos publicados pola Oficina Europea de Patentes respecto dos cales o solicitante ou o titular presentase unha tradución para o español ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, no caso de que a Oficina Europea de Patentes publique unha corrección, o solicitante ou o titular da patente europea deberá presentar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas a correspondente corrección do folleto traducido para o español ou unha indicación de que tal corrección non afecta a patente europea con efectos en España. Se o solicitante ou o titular non presentan a tradución da corrección, esta non producirá efectos en España.

Artigo 98. *Transformación da solicitude de patente europea.*

1. A solicitude de patente europea considerarase, desde a data de recepción da petición de transformación pola Oficina Española de Patentes e Marcas, como unha solicitude nacional.

2. Unha vez recibida a petición de transformación, a Oficina Española de Patentes e Marcas comunicarllo ao solicitante para que, no prazo de dous meses desde a publicación no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», presente a solicitude nacional e aboe as taxas correspondentes. Nese momento, deberá elixir se desexa protexer a invención mediante unha patente ou un modelo de utilidade.

3. A solicitude de patente ou de modelo de utilidade rexerese polos requisitos e polos trámites previstos na lei e no presente regulamento. Respecto da tradución para o español, se o texto da solicitude de patente europea sufriu modificacións no curso do procedemento ante a Oficina Europea de Patentes, o solicitante deberá achegar, dentro do prazo previsto no número anterior, a tradución do texto en que desexa fundar o procedemento de concesión ante a Oficina Española de Patentes e Marcas.

4. A solicitude nacional que derive da transformación dunha solicitude de patente europea manterá a data de presentación que acordase a Oficina Europea de Patentes.

CAPÍTULO II

Aplicación do Tratado de cooperación en materia de patentes (PCT)

Artigo 99. *A Oficina Española de Patentes e Marcas como oficina receptora.*

A solicitude internacional que se presente ante a Oficina Española de Patentes e Marcas en calidade de oficina receptora dará lugar ao pagamento da taxa de transmisión prevista no artigo 163.3 da lei. Esta taxa deberase aboar no prazo dun mes, contado desde a recepción da solicitude internacional pola Oficina Española de Patentes e Marcas. En caso de non pagamento da taxa, procederase segundo o disposto na regra 16 bis do PCT.

Artigo 100. *Procedemento para a protección provisional da solicitude internacional publicada.*

1. Para os efectos do artigo 170.2 da lei, cando a solicitude internacional fose publicada nun idioma distinto ao español, o solicitante deberá pedir a protección provisional ante a Oficina Española de Patentes e Marcas. Esta solicitude implicará o pagamento da taxa correspondente.

2. A solicitude de protección provisional deberá incluír:

a) A identidade do solicitante da solicitude internacional, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento.

b) Cando o solicitante actúe por medio de representante, a identidade deste, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento.

c) O número de solicitude ou de publicación da solicitude internacional cuxa protección provisional se solicita.

d) O título da invención a que se refire a solicitude internacional, traducido ao español.

e) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

3. Coa solicitude xuntarase a tradución ao español da solicitude internacional tal como fose publicada, así como unha copia dos debuxos, de ser o caso, e unha tradución das expresións que conteña. En canto aos requisitos formais dos documentos traducidos, serán os previstos no anexo do presente regulamento.

4. Recibida a solicitude, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se a documentación presentada cumpre os requisitos establecidos nos puntos anteriores. Se

do exame efectuado resulta algunha irregularidade ou defecto, suspenderase a tramitación e notificaránselle as obxeccións observadas ao titular para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as corrixa ou presente as súas alegacións. Transcorrido este prazo, resolverase a solicitude.

5. No prazo dun mes a partir da data de remisión da tradución ou da emenda dos defectos, publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» un anuncio en que se concederá ou denegará a protección provisional. De ser o caso, editarase un folleto nas mesmas condicións e co mesmo contido que para as patentes nacionais.

Artigo 101. *Tramitación da solicitude internacional en fase nacional.*

1. O prazo para entrar en fase nacional, tal como dispón o artigo 169.1 da lei, será o disposto nos artigos 22 ou 39 do PCT.

2. Para entrar en fase nacional, o solicitante deberá presentar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas a seguinte documentación e información:

a) Instancia en que indique que se trata dunha solicitude internacional que entra en fase nacional ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, tal como se indica no artigo 2.2.b) do presente regulamento;

b) Modalidade de protección que se desexa: patente ou modelo de utilidade. Só se poderá solicitar un tipo de modalidade de protección por cada solicitude internacional.

c) A identidade do solicitante, conforme o disposto na alínea b) do artigo 2.1 do presente regulamento, e do seu representante, de ser o caso, conforme o disposto na alínea a) do artigo 2.2 do presente regulamento. No suposto de que o solicitante non coincida co solicitante da solicitude internacional na data de presentación internacional, deberá achegarse documento de cesión, salvo que o cambio na persoa do solicitante se realizase de conformidade coa regra 92bis do PCT.

d) Calquera reivindicación de prioridade que se indicase na solicitude internacional. Se o solicitante non coincide coa persoa que figura como tal na solicitude prioritaria, deberá achegarse documento que conteña proba do dereito do solicitante a reivindicar a prioridade da solicitude anterior. Non será necesario achegar ese documento de proba se o petitorio da solicitude internacional PCT contén unha declaración relativa á regra 4.17.iii) do PCT que fose aceptada pola oficina receptora competente ou pola Oficina Internacional da Organización Mundial da Propiedade Intelectual. Ademais, deberase aboar a taxa de prioridade.

e) A tradución ao español da solicitude internacional tal como foi orixinariamente depositada e, de ser o caso, das modificacións realizadas en virtude dos artigos 19 ou 34 do PCT. No caso de que o solicitante, ao entrar en fase nacional, desexe realizar modificacións, deberá achegalas en español e xuntar un escrito en que se indiquen as diferenzas entre a solicitude internacional PCT tal como foi depositada ou modificada na fase internacional e as modificacións realizadas ao entrar na fase nacional. En tal escrito deberanse indicar as razóns destas modificacións e especificar os documentos da descrición, reivindicacións e, de ser o caso, os debuxos en que desexa fundar o procedemento de concesión ante a Oficina Española de Patentes e Marcas.

3. Para entrar en fase nacional o solicitante deberá pagar, no prazo previsto no número 1, a taxa de solicitude e, de ser o caso, a taxa de prioridade prevista no punto 2.d). Cando a modalidade de protección solicitada sexa unha patente, o solicitante deberá pagar igualmente no mesmo prazo a taxa pola realización do informe sobre o estado da técnica prevista para as patentes nacionais.

4. Se a Oficina Española de Patentes e Marcas detecta algunha irregularidade en virtude de números 1 e 2, comunicarllo ao solicitante para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad industrial», presente alegacións ou corrixa as deficiencias detectadas, e indicarlle que, en caso

contrario, se considerará que retira a solicitude. A resolución de retirada notificaráselle ao solicitante e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

5. Verificado o cumprimento dos requisitos dos números anteriores, a solicitude internacional tramitarase como unha solicitude nacional de patente ou de modelo de utilidade de conformidade co establecido na lei e no presente regulamento.

6. Unha vez iniciada a fase nacional, examínase se as taxas a que se refire o número 3 foron aboadas. Se se detecta a falta de pagamento das taxas ou o pagamento insuficiente, comunícaráselle ao solicitante que realice ou complete o pagamento no prazo dun mes contado desde a publicación do defecto no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», con indicación de que, se así non o fai, se considerará retirada a solicitude. A resolución de retirada notificaráselle ao solicitante e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

7. Os defectos dos números 1 a 3 do presente artigo poderán ser comunicados ao solicitante conxuntamente mediante unha única notificación, e outorgaráselle un prazo común de dous meses contado desde a súa notificación para a súa emenda, con indicación de que, de non o facer, se considerará retirada a solicitude.

8. Cando, de conformidade co previsto no artigo 17.3 do PCT, o informe de busca internacional non se realizase máis que en relación con unha ou varias reivindicacións, por non satisfacer a solicitude internacional a existencia de unidade de invención, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará se estaba xustificada a invitación efectuada ao solicitante pola Administración encargada da busca internacional para pagar as taxas adicionais. Se a Oficina Española de Patentes e Marcas considera que o requirimento estaba xustificado, procederá segundo o previsto pola Lei de patentes e o presente regulamento para aquelas solicitudes que non cumpren co requisito de unidade de invención. Se, pola contra, a Oficina Española de Patentes e Marcas considera que existía unidade de invención, realizarase a busca para as reivindicacións non buscadas e emitirase un informe sobre o estado da técnica e unha opinión escrita.

TÍTULO IX

Reivindicación do dereito á patente

Artigo 102. *Firmeza da sentenza desestimatoria e continuación do procedemento.*

Unha vez notificada debidamente a firmeza da sentenza ou da resolución que poña termo ao procedemento pola cal se desestima a demanda a que se refire o artigo 11 da lei, a Oficina Española de Patentes e Marcas publicará no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a desestimación da demanda, levantará a suspensión do procedemento e continuará o procedemento de concesión.

Artigo 103. *Firmeza da sentenza estimatoria e opcións do titular lexitimado.*

1. Unha vez debidamente notificada a firmeza da sentenza ou da resolución que poña termo ao procedemento pola cal se estima a demanda a que se refire o artigo 11 da lei, e sempre que a patente aínda non chegase a ser concedida, o demandante deberá elixir unha das opcións do número 1 do artigo 11 dentro do prazo de tres meses contado desde a dita firmeza. Transcorrido o prazo de tres meses sen que o demandante comunicase a súa elección, considerarase que pide que a solicitude de patente sexa denegada. Neste caso a Oficina Española de Patentes e Marcas observará o disposto no número 4 do presente artigo.

2. Se o demandante opta por continuar o procedemento relativo á solicitude subrogándose na posición do solicitante:

a) Cando o xuíz non acordase a suspensión do procedemento de concesión, o procedemento proseguirá co novo solicitante polo trámite que corresponda.

b) Cando o xuíz acordase a suspensión do procedemento de concesión, a suspensión quedará sen efecto e a Oficina Española de Patentes e Marcas publicará no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» a continuación do procedemento de concesión co novo solicitante polo trámite que corresponda.

3. Se o demandante opta por presentar unha nova solicitude de patente para a mesma invención, a nova solicitude, en aplicación do disposto no artigo 26.3 da lei, manterá a data de presentación da solicitude orixinaria, na medida en que o seu obxecto xa estivese contido naquela solicitude. A partir da data de depósito da nova solicitude, considerarase retirada a solicitude orixinaria.

O demandante manterá este dereito a presentar unha nova solicitude de patente, sen prexuízo de que a solicitude de patente orixinaria fose denegada, retirada ou considerada retirada.

4. Se o demandante opta por pedir que a solicitude sexa denegada, a Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá denegando e publicará a resolución no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial».

Artigo 104. *Recoñecemento parcial do dereito a obter a patente.*

Serán de aplicación, *mutatis mutandi*, o artigo 11 da lei e os artigos 102 e 103 do presente regulamento cando a decisión xudicial declare que o demandante só ten dereito a obter a patente como cotitular da solicitude de patente.

TÍTULO X

Das taxas

Artigo 105. *Redución de taxas do número 1 do artigo 186 da lei.*

1. Os emprendedores que, tendo a condición de persoa física ou de pequena e mediana empresa, soliciten unha patente ou un modelo de utilidade, deberán pedir á Oficina Española de Patentes e Marcas o recoñecemento do dereito de redución de taxas previsto no artigo 186 da lei. Xunto coa petición, deberán achegar os documentos que acrediten, por calquera medio recoñecido en dereito, que o solicitante se axusta á definición de emprendedor establecida na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, e á definición de pequena e mediana empresa adoptada pola Recomendación 2003/361/CE da Comisión Europea, do 6 de maio, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

2. No caso de que se detecte algunha irregularidade ou falte algunha documentación, notificaránselle os defectos observados ao solicitante para que, no prazo de dous meses contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», os corrixa ou presente as súas alegacións. Transcorrido este prazo, resolverase a solicitude relativa ao recoñecemento do dereito á redución de taxas.

3. Mentres se dita resolución, procederase á tramitación provisional do expediente de patente ou modelo de utilidade, e o solicitante deberá aboar o 50 por cento das taxas devindicadas e a Oficina Española de Patentes e Marcas anotar o pagamento realizado.

4. A resolución relativa ao recoñecemento do dereito á redución de taxas notificaráselle ao solicitante e publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». No caso de ser denegatoria, concederáselle un prazo de dez días para que satisfaga o importe total das taxas devindicadas, con indicación de que, se así non o fai, se considerará que desiste da solicitude.

5. En caso de resolución en que se recoñeza o dereito, tramitarase o expediente deixando constancia das cantidades que en cada acto administrativo se devindiquen e se vaian satisfacendo.

Artigo 106. *Bonificación de taxas a universidades públicas.*

1. No suposto de que unha universidade pública desexe beneficiarse da bonificación do cento por cento do importe das taxas a que fai referencia o número 2 da disposición adicional décima da lei, deberase solicitar a dita devolución ante a Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. O procedemento e as condicións para a solicitude de devolución serán os previstos nos artigos 124 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no seu regulamento de execución. Así mesmo, xunto coa solicitude de devolución, o solicitante deberá acreditar que a invención obxecto da patente, do modelo de utilidade ou do certificado complementario de protección ou a súa prórroga respecto do cal se solicita a devolución de taxas está sendo explotada economicamente de forma real e efectiva. Os medios de proba serán os admitidos en dereito.

3. Aquelas taxas que se devindiquen con posterioridade ao recoñecemento do dereito á devolución deberán ser aboadas nun cincuenta por cento, de conformidade co establecido no número 1 da disposición adicional décima da lei, sen prexuízo de que se poida solicitar a bonificación do cento por cento. Para iso solicitarase a devolución do aboado na forma prevista no número anterior, achegando declaración responsable do titular de que a invención obxecto da patente, do modelo de utilidade ou do certificado complementario de protección ou a súa prórroga continúa sendo explotada.

TÍTULO XI

Representación ante a Oficina Española de Patentes e Marcas

Artigo 107. *Representación no ámbito das invencións.*

Salvo o disposto no artigo 175.2 da lei, ninguén terá obrigaición de se facer representar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas. Non obstante, aqueles que sexan parte nun procedemento ante a Oficina Española de Patentes e Marcas en que actúen por si mesmos e non teñan domicilio nin sede en España deberán designar, para efecto de notificacións, un enderezo postal en España ou, alternativamente, indicar que as notificacións lles sexan dirixidas por calquera outro medio técnico de comunicación de que dispoña a oficina.

Artigo 108. *Acreditación da representación en invencións.*

1. Non será necesario achegar poder de representación, salvo nos seguintes supostos:

- a) En caso de dúbida razoable sobre o dereito a actuar do representante.
- b) Cando se produza un nomeamento ou presente calquera documento un representante non indicado na data de presentación na solicitude de patente, de modelo de utilidade ou de certificado complementario de protección ou da súa prórroga.
- c) Cando se solicite a inscrición dunha cesión, cambio de nome, licenza ou outros negocios xurídicos.
- d) Cando se solicite a inscrición dunha renuncia, retirada, limitación ou revogación.
- e) Cando se presente unha oposición a unha solicitude de modelo de utilidade ou á concesión dunha patente.

2. Para aqueles supostos en que se deba acreditar a representación, os representantes deberán presentar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas o correspondente poder asinado polo interesado para a súa inclusión no expediente. O poder poderá outorgarse para unha ou máis solicitudes ou para un ou máis rexistros identificados no poder. Poderase presentar un poder xeral polo cal se faculte o representante para actuar en relación con todos os trámites relativos ás patentes de

invención, modelos de utilidade, certificados complementarios de protección ou das súas prórrogas do poderdante.

3. Cando se comunique á Oficina Española de Patentes e Marcas a designación dun representante, o correspondente poder deberase presentar no prazo de dous meses contado desde a dita comunicación ou de dous meses contado desde a publicación do aviso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial»; aplicarase o prazo que finalice máis tarde. No caso de que non se presente o poder nos prazos prescritos anteriormente, o procedemento continuará co representado. Os actos realizados polo representante non acreditado, con excepción da presentación da solicitude de patente, de modelo de utilidade ou de certificado complementario de protección ou da súa prórroga, teranse por non efectuados se non son confirmados polo representado nos prazos anteriormente previstos. Todo isto sen prexuízo do disposto no punto primeiro do presente artigo.

4. Todo representante que, por calquera causa, deixe de estar apoderado seguirá sendo considerado como tal até que non se lle comunicase á Oficina Española de Patentes e Marcas ou órgano competente a terminación do seu poder.

5. Salvo que o propio poder dispoña outra cousa, a súa extinción polo falecemento do poderdante non impedirá ao apoderado realizar ante a Oficina Española de Patentes e Marcas os actos de conservación, defensa e mantemento das solicitudes e rexistros do poderdante que resulten imprescindibles até o outorgamento dun novo poder ou a designación dun novo apoderado polos herdeiros daquel ou a comparecencia persoal destes.

Artigo 109. *Proba de aptitude.*

1. Para a realización do exame de aptitude a que se refire o artigo 177.1.e) da lei, o director da Oficina Española de Patentes e Marcas efectuará as correspondentes convocatorias públicas anualmente. Este prazo poderase aumentar como máximo a dous anos, por causas debidamente xustificadas.

2. As bases das convocatorias regularán o procedemento de acceso ás probas e o da súa realización e cualificación, de conformidade coas seguintes directrices:

a) O exame de aptitude terá por finalidade valorar se o aspirante posúe os coñecementos necesarios para desempeñar a actividade profesional definida no artigo 176.1 da lei, en particular se o aspirante posúe un coñecemento suficientemente amplo das normas nacionais e internacionais que regulan e afectan a propiedade industrial e se está familiarizado co manexo de tal coñecemento, para aplicalo nas condicións que se presentan habitualmente a un axente da propiedade industrial durante o exercicio da súa profesión, entre as cales se inclúe o coñecemento de idiomas estranxeiros.

b) O exame constará de probas teóricas, prácticas e de idioma estranxeiro, probas todas elas que deberán ser superadas de maneira individual, sobre a base do programa que se fará público xunto coa convocatoria.

3. O tribunal cualificador será designado na convocatoria e estará composto por un número impar de membros, non inferior a cinco. Tamén se designarán os membros suplentes. Os membros do tribunal designaranse entre especialistas en materia de propiedade industrial que teñan unha titulación igual ou superior á exixida no artigo 177.1.d) da lei. Ao tribunal corresponderá o desenvolvemento e a cualificación das probas selectivas de conformidade coas bases da convocatoria. Nas respectivas convocatorias poderase determinar que a acreditación de ter obtido o máster universitario que comprenda módulos, materias ou competencias relacionadas coa propiedade industrial incrementará a cualificación obtida na correspondente proba teórica do exame de aptitude nun vinte e cinco por cento da puntuación máxima posible asignada ás probas teóricas para os aspirantes que superasen o correspondente exercicio.

4. O tribunal cualificador elevará ao director da Oficina Española de Patentes e Marcas a relación dos aspirantes que superasen o exame de aptitude. O director da Oficina Española de Patentes e Marcas dará adecuada publicidade á lista de aspirantes

aprobados e expedirá os correspondentes certificados de aptitude, acreditativos do requisito establecido no artigo 177.1.e) da lei.

Artigo 110. Exercicio da actividade profesional e Rexistro Especial de Axentes da Propiedade Industrial.

1. Para iniciar o exercicio da actividade de axente da propiedade industrial será necesario ter presentado previamente ante a Oficina Española de Patentes e Marcas unha declaración responsable en que os interesados manifesten, baixo a súa responsabilidade, que cumpren todos os requisitos establecidos no artigo 177 da lei, que dispoñen da documentación acreditativa, que non están incurso nas incompatibilidades do artigo 178 do mesmo corpo legal e que se comprometen a manter o seu cumprimento mentres non se produza a súa baixa na actividade, por calquera das circunstancias previstas no artigo 180 da lei.

2. A declaración responsable habilita para o exercicio da actividade, desde a súa presentación, en todo o territorio nacional e por un período indefinido. Unha vez recibida a declaración responsable, a Oficina Española de Patentes e Marcas procederá de oficio á inscrición do axente da propiedade industrial no Rexistro Especial de Axentes da Propiedade Industrial. Se a declaración responsable ten algún defecto, a Oficina Española de Patentes e Marcas requirirá o interesado para que, nun prazo de dez días, o corrixa, con indicación de que, se así non o fai, se terá por non presentada a declaración responsable.

3. Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación ante a Oficina Española de Patentes e Marcas cando esta así o requira.

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa vixente, aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro da Unión Europea dos cales se desprenda que cumpren tales requisitos nos termos previstos no artigo 17.2 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Artigo 111. Inscrición de sociedades profesionais no Rexistro Especial de Axentes da Propiedade Industrial.

1. Para os efectos do artigo 176 da lei, para que unha persoa xurídica poida obter a inscrición no Rexistro Especial de Axentes da Oficina Española de Patentes e Marcas, a declaración responsable que presente deberá conter os seguintes datos:

a) Nome da persoa xurídica, número de identificación fiscal, domicilio social, domicilio para efectos de notificacións e mención de que a persoa xurídica está inscrita como sociedade profesional, así como os datos do socio axente da propiedade industrial exercente.

b) A presentación da solicitude de inscrición, que implica o pagamento da taxa correspondente, deberá ir asinada pola persoa que exerza a representación da sociedade profesional.

2. Se a Oficina Española de Patentes e Marcas detecta a falta dalgún requisito, comunicarllo ao solicitante da inscrición, outorgarlle un prazo de dez días para a súa emenda e indicarlle que, en caso contrario, se terá a solicitude de inscrición por desistida.

3. Para os efectos rexistrais oportunos, a sociedade profesional comunicará á Oficina Española de Patentes e Marcas os cambios que se produzan na condición do seu socio axente da propiedade industrial e na súa denominación social.

Artigo 112. *Empregados e auxiliares de representantes.*

1. Na súa actuación ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, os representantes, sexan estes persoa física ou xurídica, poderán valerse de empregados ou auxiliares que, baixo a súa dirección, vixilancia e responsabilidade, realicen as operacións materiais propias da súa xestión, tales como pagamento de taxas, presentación de documentos, comparecencia para recollida de comunicacións oficiais, retirada de títulos ou outras análogas, para cuxo efecto presentarán a correspondente autorización e xustificante do pagamento da taxa que comporta.

2. Para ser empregado ou auxiliar dun representante requirirase ter alcanzado a maioría de idade e non estar incurso nas incompatibilidades establecidas para estes.

3. Os representantes comunicarán á Oficina calquera modificación ou finalización de efectos das autorizacións outorgadas aos seus empregados ou auxiliares.

Artigo 113. *Liberdade de prestación de servizos na Unión Europea.*

Os axentes da propiedade industrial establecidos noutro Estado membro da Unión Europea que presten temporalmente os seus servizos en España deberán cumprir as normas sobre acceso e exercicio da profesión aprobadas polo Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado e a normativa que o desenvolve, e deberán presentar unha declaración previa segundo o modelo aprobado pola Oficina Española de Patentes e Marcas, que se deberá renovar anualmente en caso de continuar a prestación temporal de servizos.

Artigo 114. *Delegación da representación.*

1. Os axentes da propiedade industrial poderán delegar a súa representación noutro axente da propiedade industrial, pero neste caso o axente da propiedade industrial actuante deberá usar sempre a antesinatura: «Polo axente da propiedade Industrial. Don/ Dona.....», facendo constar o número de inscrición no rexistro de ambos. Nos expedientes en que interveña un substituto, de acordo co establecido neste punto, quedará afectada a súa responsabilidade xunto coa do axente da propiedade industrial substituído.

2. Os axentes da propiedade industrial non poderán intervir por delegación naqueles expedientes en que sexan parte, levando outra representación cuxos intereses sexan distintos. Cando isto ocorra, declararase en suspenso o curso do expediente e notificaráselle directamente ao representado, a quen se lle concederá un prazo de quince días para comparecer ou, de ser o caso, nomear outro axente da propiedade industrial que o represente.

3. Todo o previsto nos números anteriores será aplicable cando na delegación interveña unha persoa xurídica inscrita no Rexistro Especial de Axentes da Propiedade Industrial.

Artigo 115. *Formación continua en propiedade industrial.*

A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá convocar periodicamente cursos sobre materia de propiedade industrial, co fin de facilitar a formación continua nesta materia.

Disposición adicional primeira. *Réxime dos procedementos.*

De conformidade coa disposición adicional primeira da lei, os procedementos regulados no presente regulamento rexeranse pola súa normativa específica e, no non previsto nela, polas disposicións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En particular, as resolucións ditas

nos procedementos do presente regulamento serán impugnables de conformidade co disposto na dita Lei 39/2015, do 1 de outubro, coa excepción do prazo máximo de resolución dos recursos de alzada, que será o fixado na orde ministerial de prazos máximos.

Disposición adicional segunda. *Modelos oficiais e presentación.*

1. As solicitudes e outros documentos deberán presentarse nos modelos oficiais que para tal efecto estableza a Oficina Española de Patentes e Marcas. Tales modelos estarán dispoñibles para os cidadáns na sede electrónica da Oficina Española de Patentes e Marcas. En calquera caso, aceptaranse os formularios internacionais tipo que para tal efecto estableza a Asemblea do Tratado de Dereito de Patentes en virtude da regra 20 do seu regulamento.

2. Mediante resolución do director da Oficina Española de Patentes e Marcas poderanse establecer os requirimentos formais e técnicos para a presentación electrónica de calquera tipo de solicitude e outros documentos, conforme o artigo 22.3 da lei.

3. Estarán obrigados a relacionarse coa Oficina Española de Patentes e Marcas a través de medios electrónicos os axentes da propiedade industrial a que se refire o artigo 176 da lei, así como as persoas xurídicas.

4. Calquera solicitude referida a algún dos procedementos regulados no presente regulamento poderase presentar nos lugares e medios previstos no artigo 22 da lei.

Disposición adicional terceira. *Bibliotecas dixitais aceptadas pola Oficina Española de Patentes e Marcas.*

Para os efectos do disposto no presente regulamento, a Oficina Española de Patentes e Marcas fará accesible ao público unha listaxe coas bibliotecas dixitais aceptadas por ela. Esta listaxe figurará na sede electrónica do organismo autónomo.

Disposición adicional cuarta. *Emisión de certificacións e copias autorizadas en formato electrónico.*

Mediante resolución do director da Oficina Española de Patentes e Marcas poderanse establecer as condicións en que as certificacións e copias autorizadas en todas as modalidades de propiedade industrial se emitan en formato electrónico. Igualmente, estableceranse as condicións para que as copias autorizadas se poñan á disposición naquelas bibliotecas dixitais aceptadas en que participe a Oficina Española de Patentes e Marcas.

En todo o demais, a proba de calquera aspecto relacionado cos dereitos inscritos rexeráse polas normas xerais, en particular, o establecido na disposición adicional sétima da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, e na Lei de axuízamento civil, sen que se poidan considerar probas periciais os simples informes emitidos pola oficina no curso dos procedementos de concesión ou para cumprir os seus servizos de promoción, información e desenvolvemento tecnolóxico.

Disposición adicional quinta. *Informe pericial da Oficina Española de Patentes e Marcas en virtude do artigo 120.7 da lei.*

1. O informe a que se refire o artigo 120.7 da lei realizarao quen se designe no Departamento de Patentes e o seu contido circunscribírase a aqueles aspectos concretos sobre os cales sexa requirido polo xuíz ou tribunal. O informe emitirase no prazo dun mes desde que a persoa designada para realizar o informe reciba a correspondente petición e documentación sobre a que ten que emitir o informe e, de ser o caso, a taxa estea completamente aboada.

2. No suposto de que o informe se solicite por instancia de parte, deberase aboar a taxa correspondente. En caso de que esa taxa non fose aboada ou non fose aboada na súa totalidade, concederáselle ao solicitante un prazo de dez días contado desde a

publicación de falta de pagamento no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial» para o seu aboamento e indicáraselle que, de non o facer, se terá por desistida a solicitude.

Disposición adicional sexta. *Resolución extrajudicial de controversias.*

1. Para efectos do previsto no artigo 136 da lei, poderán ser árbitros e mediadores aquelas persoas, incluídos os funcionarios da Oficina Española de Patentes e Marcas, que cumpran os requisitos establecidos na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, e na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, e que, ademais, acrediten unha experiencia mínima de cinco anos no campo da propiedade industrial.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas poderá subscribir acordos con organismos nacionais, europeos ou internacionais con experiencia en arbitraje e mediación para a organización e intervención na solución extrajudicial de controversias en materia de propiedade industrial.

ANEXO

Requisitos formais da solicitude de patente

1. Deseño de páxina
 - a) Formato: A4
 - b) Marxes:
 - Superior: 35 mm.
 - Dereita: 25 mm.
 - Inferior: 20 mm.
 - Esquerda: 25 mm.
 - c) Numeración de páxinas: deberán ir numeradas correlativamente e iniciarse na páxina 2, abaixo e centrado.
 - d) Numeración de liñas na descrición e nas reivindicacións, na parte esquerda: reinicio en cada páxina e intervalo de 5.
2. Parágrafo e fonte:
 - a) Tipo de letra: Arial 11. No caso da tradución de reivindicacións de solicitudes de patentes europeas ou do folleto de patentes europeas, o tipo de letra será Arial 9.
 - b) Interliñado: 1.5. No caso da tradución de reivindicacións de solicitudes de patentes europeas ou do folleto de patentes europeas, o interliñado será dun espazo.
 - c) Espazado: unha liña en branco entre parágrafos.
 - d) Non se utilizará o sangrado entre parágrafos. Non obstante, se se enumeran grupos ou subgrupos a), b), c), etc., si se admitirán sangrados e tabulacións.
3. Contido dos documentos:
 - a) Cada parte da solicitude iniciarse nunha nova páxina coas palabras DESCRIPCIÓN, REIVINDICACIÓNS (centradas, maiúsculas e negrita) e, se houber, DEBUXOS E LISTA DE SECUENCIAS, RESUMO.
 - b) As reivindicacións deberán numerarse consecutivamente en números arábigos.
 - c) As follas dos debuxos non conterán marco arredor da súa superficie útil nin arredor da superficie utilizada.
 - d) Os debuxos deben ser executados en liñas e trazos, negros ou en cor, e ben delimitados.
 - e) Os cortes indicaranse mediante liñas oblicuas que non impidan unha lectura fácil dos signos de referencia e das liñas directrices.
 - f) A escala dos debuxos e a claridade da súa execución gráfica deberán ser tales que unha reprodución fotográfica efectuada con redución lineal a dous terzos permita distinguir

sen dificultade todos os detalles. Cando, en casos excepcionais, figure a escala dun debuxo deberá presentarse graficamente.

g) Todas as cifras, letras e signos de referencia que figuren nos debuxos deben ser sinxelos e claros. Non se poderán utilizar parénteses, círculos ou comiñas, en combinación con cifras e letras.

h) Todas as liñas dos debuxos deberán ser, na medida do posible, trazadas con axuda de instrumentos de debuxo técnico.

i) Os elementos dunha mesma figura deben gardar a adecuada proporción entre eles, a menos que unha diferenza de proporción sexa indispensable para a claridade da figura.

j) Unha mesma folla dos debuxos pode conter varias figuras, ben que todas elas deberán ter a mesma orientación, vertical ou horizontal. Cando unhas figuras debuxadas sobre varias follas estean destinadas a constituír unha soa figura do conxunto delas, deberán estar dispostas de forma que a figura do conxunto poida compoñerse sen que quede oculta ningunha parte das figuras situadas nas distintas follas.

k) As distintas figuras deben estar dispostas, con preferencia verticalmente, sobre unha ou varias follas, claramente separadas unhas das outras, pero sen espazos perdidos; cando as figuras non estean dispostas verticalmente, deberán presentarse horizontalmente e situarse a parte superior das figuras no lado esquerdo da folla.

l) As figuras deberán estar numeradas consecutivamente en cifras árabes, independentemente da numeración das follas.

m) Os signos de referencia poden ser utilizados para os debuxos só se figuran na descrición e nas reivindicacións e viceversa. Os signos de referencia dos mesmos elementos deben ser idénticos en toda a solicitude.

n) Os debuxos non deben conter ningún texto, con excepción de breves indicacións necesarias, tales como «auga», «vapor», «aberto», «pechado», «corte segundo AB» e, no caso de esquemas de circuitos eléctricos, de diagramas esquemáticos de instalación e de diagramas que esquematicen as etapas dun proceso, as palabras claves indispensables para a súa comprensión. Estas palabras deben ser colocadas de tal maneira que poidan ser substituídas pola súa eventual tradución sen que se tape ningunha liña dos debuxos.

ñ) As formalidades en relación coas listas de secuencias de aminoácidos e ácidos nucleicos: serán de aplicación as normas ST que neste sentido publicase a OMPI.

o) As unidades de peso e medida expresaranse segundo o sistema métrico; se se utiliza outro sistema, deberán tamén expresarse conforme o sistema métrico. As temperaturas expresaranse en graos centígrados; se se utiliza outro sistema, deberanse expresar, igualmente, en graos centígrados. Para as demais unidades físicas deberán utilizarse as unidades da práctica internacional; para as fórmulas matemáticas, os símbolos de uso xeral, e para as fórmulas químicas, os símbolos, pesos atómicos e fórmulas moleculares utilizados habitualmente.

p) A terminoloxía e os signos da solicitude de patente deberán ser uniformes.

q) As follas non deberán conter correccións, riscaduras nin interliñacións.